

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 5.**

### **SESION ORDINARIA DO 25 DE ABRIL DE 2016**

#### **ASISTENTES**

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA**

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Alonso Suárez, Olga  
Aneiros Pereira, Jaime  
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores  
Caride Estévez, María José  
Iglesias González, Ana Laura  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Marra Domínguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Ángel  
Rodríguez Díaz, Santos Héctor  
Rodríguez Escudero, Cayetano  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR**

Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M.  
Gago Bugarín, Diego José  
González Sánchez, Elena  
Muñoz Fonteriz, Elena

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO**

Jácome Enríquez, Xosé Lois  
López Barreiro, Margarida  
Pérez Correa, Rubén

#### **NON ASISTEN:**

Fernández Pérez, José Manuel (grupo municipal Socialista)  
Piñeiro López, Ángel (grupo municipal do Partido Popular)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e cinco de abril do ano dous mil dezaseis, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro,

López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Señores concelleiros, iniciamos o Pleno do Concello, sesión ordinaria convocada para o día de hoxe ás nove, orde do día do 21 de abril que obra en poder das señoras/es concelleiros, constátase quórum, ábrese sesión pública e iniciamos o Pleno.

#### **PARTE RESOLUTIVA**

#### **1(59).- ACTAS ANTERIORES: (ACTA ORDINARIA 29.02.2016 E EXTRAORDINARIA DO 22.03.2016).**

Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas do Pleno da Corporación correspondentes á sesión ordinaria do 29 de febreiro e extraordinaria do 22 de marzo de 2016.

#### **2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.**

#### **2.1(60).- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE VIGO REAFIRMANDO O COMPROMISO CO FUTURO EN LIBERDADE DO POBO SAHARAUÍ. REXISTRO PLENO 1370/1101**

ANTECEDENTES.- Por consenso dos tres grupos políticos acórdase a inclusión da seguinte Declaración Institucional, de data 21 de abril de 2016,

“O pleno do Concello de Vigo quere reafirmar o compromiso co futuro en liberdade do pobo saharahuí, asumindo e renovando os importantes acordos acadados na última conferencia dos Intergrupos Parlamentarios Paz e Liberdade no Sáhara Occidental, celebrada no Parlamento de Galicia os días 5 e 6 de marzo do presente ano por segunda vez na historia da nosa autonomía.

A visita do secretario xeral da ONU a territorios ocupados abriu un conflito diplomático entre Marrocos e a ONU, primeiro coa negativa a recibir a Ban Ki-moon en Rabat e despois coa expulsión de 73 persoas empregadas civís da MINURSO.

Este conflito fai perigar o mandato da MINURSO e supón un grave elemento de preocupación para o cumprimento do Plan de Paz para o Sáhara Occidental acordado entre as partes.

O pasado 17 de marzo celebrouse o Consello de Seguridade das Nacións Unidas, cun importante informe do secretario xeral. Instamos os representantes do Goberno de España, como membros deste Consello de Seguridade, a priorizar o diálogo para obter, sen máis atrasos, unha solución xusta e definitiva, que pasa por levar a práctica o dereito de autodeterminación do pobo saharahuí mediante a celebración do referendo.

Consideramos imprescindible que a Misión das Nacións Unidas para o Referendo do Sáhara Occidental -MINURSO- debe ser reforzada nos territorios ocupados coa plenitude das delegacións que mantiña anteriormente, asumindo a potestade para vixiar e salvagardar os dereitos humanos da poboación saharahuí no Sáhara Occidental.

Defendemos garantías de transparencia e legalidade nos procedementos xudiciais para os presos saharahuí que participaron no campamento de Gdeim Izik, de acordo coa legalidade internacional e cos dereitos humanos.”

*A anterior Declaración Institucional enténdese aprobada por asentimento dos membros presentes da Corporación.*

### **3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

### **3.1(61).- MODIFICACIÓN DE USO DOTACIONAL NO PLAN PARCIAL DE NAVIA, DE ASISTENCIAL PÚBLICO A EDUCATIVO. EXPTE. 15410/411 (REXISTRO PLENO 1359/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data 12 de abril de 2016, a técnica de administración xeral e a xefa da Área de Planeamento e Xestión emiten o seguinte informe proposta,

"Con data 30.01.1992, o IGVS -a través de Xestur Pontevedra- e o Concello de Vigo asinaron un Convenio para a creación de solo residencial no municipio de Vigo.

Mediante acordo de data 03.06.1996 (aclarado por outro de data 29.04.2002), o Pleno do Concello de Vigo aprobou definitivamente o Plan Parcial de Navia en desenvolvemento do PAU aprobado o 08.02.1996 (expte. 2444/411) e con data 25.04.2005 aprobouse definitivamente a modificación puntual nº. 1 do dito instrumento de desenvolvemento (expte. 7849/411).

Con data 22.06.2005, a Xunta de Goberno Local aprobou o *Convenio Específico de cesión parcial de espazos libres, parte do viario, equipamentos e aproveitamento urbanístico correspondentes ao Concello derivado da execución do sector do Plan Parcial de Navia*, no que se refería á cesión dun equipamento docente coa seguinte descrición: "(...) Parcela sita na etapa III, fase A <parcela **E-4**>, destinada a equipamento docente. Mide a superficie de trinta e cinco mil metros cuadrados. Linda Norte Rúa 2-f, Sur Rúa 3-g, Leste espazo libre P3 e Oeste Rúa 3-d...". O dito acordo foi rectificado por outro do 22.06.2005 e do 09.07.2007.

Non obstante, con data 26.04.2007 o Concello de Vigo e a Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar Social asinaron Protocolo de Colaboración para a construción e posta en marcha dun Centro de Coidados Xerontolóxicos no Plan Parcial de Navia, o que fundamentou que por acordo de data 26.05.2008, o pleno municipal acordara o cambio de uso da parcela *municipal E-4-2 do Plan Parcial de Navia, de 10.000 m2 de superficie*, a segregar da matriz E-4, de educativo a asistencial público-centro de coidados xerontolóxicos (exp. 10890/411). Sen embargo, polas razóns que máis abaixo se reflicten, a cesión de tales terreos non se materializou.

Así as cousas, o día o día 03.02.2016, o Concelleiro delegado de Patrimonio asinou oficio comunicando que con data 29.09.2015 tivo entrada no Rexistro do Concello de Vigo a solicitude da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de posta a disposición de terreos para a ampliación do CEIP Alfonso R. Castelao (expte. 19783/240), emitíndose informe o día 10.12.2015 polo técnico do servizo de Educación co conforme da Concelleira de Educación do 11.12.2015 a cuxo tenor: "(...)o Concello de Vigo ten a obriga de colaborar coa Admon. Educativa Competente, motivado por razóns de interese público xeral da crecente poboación do barrio vigués de Navia, coa finalidade de garantir e cubrir as necesidades de escolarización, dereitos e intereses lexítimos da comunidade educativa de Navia (...) está totalmente xustificada a introducción do uso educativo na parcela solicitada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para a ampliación do Ceip "Alfonso R. Castelao".

Mediante Resolución da Vicepresidenta da XMU de data 10.02.2016, incoouse o o procedemento para a modificación do uso dotacional da parcela municipal de 10.000 m<sup>2</sup> do Plan Parcial de Navia, referida como S4-3 no acordo de segregación adoptado pola Xunta de Goberno Local do día 16.06.2008, de asistencial público (centro de coidados xerontolóxicos) a docente. A dita resolución advirte do erro material existente na parte dispositiva do acordo do pleno do día 26.05.2008, dado que o cambio de uso afectou á parcela dotacional E-4-1 (de uso docente e de 14.657 m<sup>2</sup>), como correctamente refire o asunto da orde do día do Pleno, e non á E-4-2 (de uso docente e de 8.500 m<sup>2</sup>).

Na tramitación do procedemento, conferiuse un trámite de audiencia á Consellería de Infraestruturas e Vivenda - IGVS e á Consellería de Política Social mediante notificacións con entrada no portelo único o día 22.02.2015, sen que, transcorrido o prazo conferido, fora remitida a esta Administración local suxestión nin observación ningunha.

Obra no expediente o plano escala 1/2000 elaborado polo topógrafo municipal en febreiro de 2016 rubricado *“Modificación de uso dotacional no P.P. de Navia de asistencial público a educativo”* no que se reflicte a modificación instada.

Segundo consta no informe emitido o día 07.03.2016, polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social e o Xefe de área de Benestar Social, co conforme da Concellería delegada de Política Social, *consta no expediente nº. 28000/301 a imposibilidade legal de continuar o expediente de cesión dos terreos (nos que ubicar a residencia de maiores referida no Convenio asinado o 26.04.2007) tendo en conta o seu carácter demanial e a pretensión da Admón. Autonómica de que se cedesen directamente a unha entidade privada.*

O día 12.04.2016, a Xefa de Planeamento e Xestión emitiu o seguinte informe: *“1.PARCELA S4-3 O Plan Parcial de San Paio de Navia foi aprobado definitivamente polo Pleno de Concello o 6/06/1996 (nºexpte2444/411), posteriormente redautouse unha modificación de dito Plan Parcial que foi aprobada definitivamente o 25/04/05 (nºexpte7849/411).*

*A parcela S4-3 do Plan Parcial de Navia tivo a súa orixe dunha segregación e cambio de uso da parcela E4 delimitada por dito Plan Parcial. A parcela S4-3 contén unha superficie de 10.000 m<sup>2</sup>, e como se dixo provén dunha segregación da parcela E4 delimitada polo Plan Parcial.*

*A parcela E4 contiña unha superficie en orixe (a delimitada polo Plan Parcial) de 35.000 m<sup>2</sup>, e dentro de esta superficie atopábase o colexio público C.E.I.P. Alfonso R. Castelao, construído no ano 1990. A parcela ocupada polo colexio contén unha superficie, segundo o catastro, de 5.343 m<sup>2</sup>. Desta parcela orixinal foron segregadas as parcelas denominadas S4-1 de 4.000 m<sup>2</sup> e a S4-2 de 2.500 m<sup>2</sup>, con uso asistencial ocupadas polas asociacións APAMP e ALENTO, respectivamente. Tamén desta parcela orixinal E-4 foi segregada unha parcela de 8.500 m<sup>2</sup> que é onde se atopa a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Da E4 tamén foi segregada unha parcela de 1.587 m<sup>2</sup> onde se atopa a Escola Infantil de Navia.*

Actualmente, desta parcela de orixe E4 de 35.000 m<sup>2</sup> atópanse vacantes de edificación dúas parcelas, unha de 3.038 m<sup>2</sup> con uso educativo e esta de 10.000 m<sup>2</sup> de uso asistencial (uso asignado despois dun cambio de uso como xa se dixo).

Consta un plano no expediente no que se poden ver as parcelas actuais existentes na parcela E4 delimitada polo P.P. de Navia que son:

- Parcela S4-1 de 4.000 m<sup>2</sup>.
- Parcela S4-2 de 2.500 m<sup>2</sup>.
- Parcela E4-2 da Escola de Arte Dramática de Galicia de 8.500 m<sup>2</sup>.
- Parcela da Escola Infantil de Navia, 1587 m<sup>2</sup>.
- Parcela do C.E.I.P. Alfonso R.Castelao de 5.343 m<sup>2</sup>.
- Parcela resto da E4 de 3.038 m<sup>2</sup>, que mantén o uso educativo.
- Parcela S4-3 de 10.000 m<sup>2</sup> que é á que se refire o cambio de uso que se está a tramitar.

Toda esta superficie está cualificada no Plan Parcial de Navia, como Equipamento Público, e a ordenanza de aplicación é a de "Equipamento Docente", artigos 72 e 73 da normativa do P.P.

*"Artículo 72. Determinación.*

*1.- Se definen como espacios destinados al equipamiento docente tres parcelas, que se identifican con el grafiado y los códigos correspondientes en los planos de ordenación.*

*2.- Así mismo, se delimita un espacio con esta calificación para incorporar un centro preexistente (E).*

*Artículo 73.- Condiciones de la edificación.*

*Se podrán realizar las edificaciones con las características e instalaciones adecuadas para el uso al que se destinan, estipulada por la normativa sectorial."*

*Polo tanto este cambio de uso o que fai realmente é devolver a parcela S4-3 ao seu uso orixinal, e polo tanto a ordenanza de aplicación é totalmente compatible co uso que se pretende.*

*A parcela como xa se explicou contén unha superficie de 10.000 m<sup>2</sup> e ten como lindeiros:*

- *Norte: Parcela de 3.038 m<sup>2</sup> con uso dotacional educativo que xunto coa parcela onde se atopa o colexio existente, Alfonso R. Castelao, e parcela de 1.587 m<sup>2</sup> da gardería, constitúe o resto da parcela matriz E4.*
- *Sur: parcela P3 de zona verde do Plan Parcial.*
- *Leste parcela E4-2 onde se atopa a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.*
- *Oeste: Vial público (rúa das Ufas).*

**2. CAMBIO DE USO ASISTENCIAL A EDUCATIVO. CENTRO PARA ASISTENCIA DE PEROSAS MAIORES.**

*A parcela S4-3 foi segregada da E4 para a construción e posta en marcha dun centro de atención a persoas maiores e dependentes na parroquia de Navia. Con motivo da tramitación deste expediente de cambio de uso que agora se está a tramitar, foi emitido informe polo Xefe de Área de Benestar Social e polo Asesor Xurídico Adxunto á Xefatura de Benestar Social, no que se pon de manifesto a necesidade existente de prazas públicas para a asistencia de persoas maiores.*

*O P.P. de Navia delimitou ademais das parcelas de equipamentos docentes, tres parcelas de Equipamento Social e Cultural, S.1, S.2 e S.3. A S1 atópase na zona xa executada, nesta parcela, que foi dividida en dúas, construíronse unha igrexa e un centro de saúde. Delimitou tamén as parcelas S.2 e S.3 de 10.955 m<sup>2</sup> e 9.780 m<sup>2</sup>, respectivamente, situadas na zona que está pendente de executar.*

*Estase a tramitar na oficina de Planeamento e Xestión da XMU, unha modificación puntual do Plan Parcial de Navia (expte número 11662/411). Na memoria da documentación presentada (non aprobada inicialmente) se di: “Desde el punto de vista sanitario, se podría completar el equipamiento con algún centro especializado más, aunque se entienden las necesidades básicas sanitarias cubiertas con el nuevo centro de salud. Desde el punto de vista asistencial, una Residencia de Mayores, geriátrico, o un centro de acogida infantil o adultos, sería apropiado para las nuevas parcelas de equipamiento de mayor dimensión”. Polo tanto, dado que se detecta esta necesidade, sería recomendable que a ordenación que finalmente se aprobe dé resposta a esta indicación, delimitando unha parcela dotacional asistencial coa dimensión suficiente e que permita acoller un equipamento coas características axeitadas para cubrir esta carencia”.*

## FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

### I. Normativa examinada.

- TRLS/2015 (RDLex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana).
- LSG (Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).
- LOUGA (Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local).
- TRRL (Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- ROF (RD 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- RBEL (RD 1372/1986, do 13 de xuño, Regulamento de Bens das entidades locais).
- LPAP (Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas).
- LRX-PAC (Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das

Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común).

- RDU (D 28/1999, do 21 de xaneiro, Regulamento de Disciplina urbanística de Galicia).
- RXU (D 3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- RPU (D 2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- RD 1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.
- Estatutos da XMU (AD versión consolidada Pleno 26.04.2010, BOP 20.07.2010).
- PXOU-93 (A.D. expediente Subsnación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á Lei 11/1985, de adaptación da do solo a Galicia, Orde da COTOP de data 29.04.1993).

## II. Modificación de usos dotacionais.

De acordo co establecido no artigo 42.5 da LSG (en idéntica redacción ao artigo 47.4 da LOUGA), o Pleno do Concello, por maioría absoluta legal e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, poderá acordar o cambio de uso de terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos.

Seguindo o disposto na sentenza do día 25.03.2010, do TSX de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, *a facultade prevista no artigo 47.4 da LOUGA, é de modificación do plan (sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, por maioría absoluta legal). En calquera caso, tal facultade é un instrumento de ordenación de planeamento urbanístico previsto no Título II, do "Planeamento Urbanístico", capítulo primeiro, das "Clases de instrumentos de ordenación".* Igualmente, a sentenza do día 08.01.2015 confirma que o precepto *está regulando un procedemento especial (aprobación polo pleno, por maioría absoluta) de cambio de usos dotacionais que exime de tramitar modificacións puntuais de plan.* No mesmo senso, en sentenza do 03.03.2015 o Tribunal Supremo expresa que *o feito de que o artigo 47.4 da Lei 9/2002 permita que o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto pódase acordar por acordo plenario municipal, adoptado por maioría absoluta, sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, non significa que dito cambio non sexa unha modificación do plan, senón que cabe realizala sen seguir a tramitación establecida para os demais supostos de modificación; é máis, o establecer expresamente tal excepción reforza o carácter de modificación do plan que ten dito cambio, pois se non o fose non sería necesario establecela, xa que non lle afectarían as normas que regulan a modificación do plan.* En consecuencia, considerando o exposto, en aplicación da LSG, remitírase un exemplar dilixenciado do acordado á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

No suposto que nos ocupa, trátase da modificación do uso dotacional dunha parcela municipal destinada a equipamento asistencial en virtude do acordo do Pleno do



Concello de Vigo de data 26.05.2008 sita no Plan Parcial de Navia, descrita como **(S4-3)** de 10.000 metros cuadrados de superficie, cos seguintes lindeiros: Norte: Parcela E4-1; Sur: parcela Espacio libre P-3; Leste: parcela E4-2; Oeste: rúa 1-d, segundo figura descrita no acordo do día 16.06.2008 da Xunta de Goberno Local, á que se lle asignaría novamente o uso docente inicialmente previsto.

A dita modificación xustifícase ademais de na resolución do día 10.02.2016 da Vicepresidenta da XMU, nos informes técnicos emitidos e incorporados ao procedemento e deberá ser apreciada polo órgano competente para a adopción do acordo que proceda. Fundaméntase, esencialmente, na necesidade de ampliación do equipamento docente existente, exposta tanto pola Administración autonómica como pola Concellería de Educación, así como pola imposibilidade, expresada no informe do 07.03.2016 da Área de Benestar Social, de continuar co expediente de cesión de terreos para centro de coidados xerontolóxicos que motivara o cambio de uso de docente a asistencial aprobado polo pleno o día 26.05.2008, sen prexuízo da tramitación que procedera realizar de cara ao arquivo, de ser o caso, do expediente correspondente. Non obstante, tanto a revisión do PXOU-93 como o desenvolvemento ou eventual modificación do Plan Parcial de Navia, deberán considerar as necesidades asistenciais da poboación para garantir a súa cobertura en grao suficiente.

O acordo que se adopte publicarase no DOG e no BOP ao terse publicado en igual forma o acordo de cambio de uso do plenario do día 26.05.2008.

Así mesmo, considerado o erro material aprezado na parte dispositiva do acordo plenario do 26.05.2008 procede a súa corrección, con fundamento no establecido no artigo 105 da LRXAP-PAC.

### III. Órgano competente.

É competente para a adopción do presente acordo o Pleno da Corporación (artigo 42.5 da LSG) por maioría absoluta legal dos seus membros, previo informe da Secretaría xeral (arts. 122.5.e) 2ºda LRBRL, 54.1.b) do TRRL e 173.1.b) do ROF) e fiscalización da Intervención (arts. 54.1.b) do TRRL e 173.1.b) do ROF), por proposta do Consello da XMU (art.10.1j) dos Estatutos da XMU).

Polo anterior, proponse a adopción do seguinte acordo...”

A seguir os asinantes formulan a proposta que se contén na parte dispositiva do presente acordo.

O Consello da Xerencia de Urbanismo, con data 15 de abril de 2016, ditamina favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Unha puntualización para xustificar o noso voto positivo porque nos alegamos moito desta modificación, pasado este trámite informar de que en canto se publique no BOP e no DOGA, correspóndolle ao concello ceder a parcela á Xunta de Galicia, á Consellería de Educación para que poida xa acometer as reformas e canto antes no colexio Castelao de Navia, xa está aprobada a partida de 3.600.000 euros para a ampliación e farei un repaso rápido do estado de tramitación que por fin hoxe con esta cesión avanza algo para nós e parécenos un punto moi importante na orde do día do Pleno.

O pasado 15 de setembro a Consellería de Educación solicitou ao Concello os terreos para a ampliación do centro, en decembro, e solicitáronlle a certificación urbanística para evitar problemas en vista do que está a pasar co Plan Xeral, tardaron un mes en enviala pero por fin chegou e agora estamos no punto da modificación do uso, un transvase de uso asistencial público a uso educativo. Como dixen, xa está o Orzamento aprobado, son 3.662.854 euros, a actuación no CEIP Alfonso Rodríguez Castelao para que saiban todos vostedes permitirá ampliar a súa capacidade dunha liña por curso escolar a tres, co fin de dar resposta ao incremento de alumnado do centro en máis dun 25% nestes últimos 5 anos, a previsión de crecemento nesa zona é futura e ampla, polo tanto, crearanse 450 novas prazas escolares. A obra suporá a demolición da cuberta para posibilitar a ampliación do edificio existente, un 1.500.000 metros cadrados para 11 aulas de educación primaria, nove delas polivalentes, unha de música e outra de informática e sete de apoio. Por outra banda construírse un novo módulo independente de educación infantil, con nove aulas, con aseos incorporados, sala polivalente, tres aulas de desdobre, espazos comúns e instalacións, como poden comprobar xa está todo presupostado, deseñado, á espera de que o Concello ceda os terreos xa que hoxe pasan a ser de uso educacional e insisto, por iso nos alegamos deste día e cremos que este punto é importante porque por fin ese colexio vai ser ampliado e vai dar solución e resposta a toda esa zona, ao alumnado e á comunidade educativa.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: A verdade é que eu estou un tanto sorprendida porque o Concello de Vigo xa tramitou esta modificación do xeito máis axiña posible, como

ben sabe vostede non é a primeira vez que se cambia o uso desta parcela, primeiro cambiouse para un uso dotacional para a atención ás persoas maiores e decidiu logo a consellería solicitar o uso educativo e, no momento que o solicitou tramitouse, polo tanto, demora ningunha, iso si, hai catro anos o Concello de Vigo pediulle á Consellería de Educación que tramitara e solicitara esta modificación para facerse cargo da ampliación desta dotación educativa, e a Consellería de Educación non tivo a ben facelo, e por certo, iso de que existe a dotación orzamentaria, nos gustará ver como no Diario Oficial de Galicia a próxima semana aparece a licitación deste colexio porque mentres tanto todas eran palabras sen contido, a realidade é que esta dotación educativa, axilizamos a súa tramitación para poder ampliar esa dotación educativa sen que esperaran nin un só minuto polo Concello de Vigo, que estábamos esperando para que a Consellería de Educación fixera a oportuna solicitude do cambio de uso. Polo tanto, levamos moito tempo esperando pola ampliación desta instalación educativa, hoxe cremos que neste Pleno xa teremos a oportunidade de falar do Estado das instalacións educativas en Vigo, polo tanto, deixen de enredar e póñanse a traballar, e solicítelle ao grupo do Partido Popular e ao goberno do Partido Popular, que de xeito absolutamente inmediato, sen esperar un só día máis, licite esta obra que é o que estamos a esperar os vigueses/as.

**VOTACIÓN:** Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

**ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Rectificar o erro material existente na parte dispositiva do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Vigo o día 26.05.2008, quedando co seguinte tenor: “Aprobar o cambio de uso dotacional público da parcela municipal “E-4-1 do Plan Parcial de Navia, de 10.000 m2 de superficie, que se segregará da matriz “E-4”, de educativo a asistencial público -centro de coidados xerontolóxicos- (expte. 10890-411)”.

SEGUNDO: Aprobar, ao abeiro do disposto no artigo 42.5 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o cambio do uso dotacional da parcela municipal de 10.000 m2 de superficie sita no ámbito do Plan Parcial de Navia, referida como S4-3 no acordo de segregación adoptado o día 16.06.2008 pola Xunta de Goberno Local, de asistencial público (centro de coidados xerontolóxicos) a docente.

Terceiro: Publicar o presente acordo no BOP e no DOG e notificalo, para o seu coñecemento, ao IGVS e Xestur Pontevedra, á Consellería de Política Social, á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

TERCEIRO: Remitir o presente acordo, xunto con dúas copias debidamente dilixenciadas do aprobado, á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, para o seu coñecemento e efectos. No anuncio de aprobación, referido no apartado dispositivo segundo deste acordo, farase constar esta remisión.

CUARTO: Notificar este acordo á Concellería de Educación e á Concellería de Benestar Social, así como ao Servizo de Cartografía, á Oficina de Planeamento - Xestión, á Oficina de Licenzas e á Oficina de Información da XMU».

#### **4.- PROPOSICIÓN MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.**

##### **4.1(62).- PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN MUNICIPAL NA COMISIÓN XESTORA DO PLAN DE PENSÍONS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 72/105 (REXISTRO PLENO 1363/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data 19 de abril de 2016, a xefa da Área de Recursos Humanos e o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, formulan o seguinte informe proposta:

O Pleno da Corporación, en sesión do 29/07/1996, adxudicou o concurso público para a implantación dun plan de pensións ao persoal municipal, aprobándose o correspondente regulamento rector en sesión do 07/10/1996.

O dito regulamento do plan de pensións contempla, no seu artigo 34-"Comisión de control del plan", unha composición de 13 membros, dos cales 8 corresponden aos partícipes e 5 corresponden ao promotor.

Na actualidade e con motivo das eleccións municipais que tiveron lugar o pasado maio do 2015, resta designar aos representantes da Corporación Municipal, en número de 5.

Polo exposto, pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal se propón a designación de 5 membros da Corporación para formar parte da Comisión de Control do plan de pensións, e posterior remisión ao Pleno da Corporación, coa fin de designar como representantes da Corporación Municipal aos concelleiros propostos, segundo a relación que se indica, según proposta asinada pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal que se adxunta á presente:

-Grupo municipal do Partido Popular: D. DIEGO GAGO BUGARÍN.

-Grupo municipal Marea de Vigo: D. RUBÉN PÉREZ CORREA.

-Por parte do Grupo municipal socialista: D. JAVIER PARDO ESPÍÑEIRA, D. JAIME ANEIROS PEREIRA e D. CARLOS LÓPEZ FONT."

PRESIDENCIA: Na medida en que este proposta non foi ditaminada pola Comisión cumpre votar en primeiro lugar a súa inclusión na orde do día sen esa decisión previa.

VOTACIÓN RATIFICANDO A INCLUSIÓN NA ORDE DO DIA: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, acórdase incluír dita proposta na orde do día.

VOTACIÓN DO TEXTO. Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a proposta presentada pola xefa da Área de Recursos Humanos e polo

concelleiro da Área de Xestión Municipal, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

*Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

## **5.- MOCIÓNS:**

### **5.1(63).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO SOMETENDO Á CONSIDERACIÓN DO PLENO A DECLARACIÓN DO MUNICIPIO DE VIGO COMO “MUNICIPIO OPOSTO AO ACORDO TRANSATLÁNTICO DE COMERCIO E INVESTIMENTO” (TTIP) E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1230/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 14 de outubro de 2015, número 1230/1101, o concelleiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Jácome Enríquez, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

“Relativa á Declaración de “Municipio oposto ao Acordo Transatlántico de Comercio e Investimento (en inglés TTIP)” , de acordo á seguinte fundamentación:

A Comisión Europea iniciou a negociación cos Estados Unidos (EEUU) para o desenvolvemento do Tratado Transatlántico de Comercio e Investimentos (en inglés TTIP) en 2013. Desde entón, a UE e EEUU están a negociar, de costas á cidadanía e aos seus representantes políticos (parlamentos), un amplo acordo de liberalización de comercio e investimentos, que representa un serio perigo para a democracia, a soberanía e a debida protección dos dereitos humanos e a natureza, antepondo o interese comercial dos investidores e empresas transnacionais (ETN) ao interese xeral.

O TTIP inclúe medidas para a protección dos investidores a través de Mecanismos de Arbitraje InversorEstado (ISDS) que establecerán compensacións económicas dos estados aos investidores cando se reduzan os beneficios futuros dunha

compañía (aínda que isto implique a desprotección de dereitos laborais ou da natureza), e onde, ademais dos altos custos, as decisións son firmes e non poden ser apeladas.

Á cidadanía interésalle que os servizos públicos sexan eficientes para asegurar unha boa calidade de vida. O Tratado de Lisboa concede aos Estados Membros da UE a competencia para definir e organizar os servizos do interese xeral. En contraste con iso, os acordos comerciais implican a miúdo o risco de restrinxir as políticas públicas con “cláusulas freo”, especialmente no campo dos servizos públicos.

Calquera clase de acordo, incluíndo a contratación pública debe conducir a aumentar as garantías e non a reducilas. O TTIP non debe, á súa vez, pór en perigo os aspectos progresivos da lei de contratación pública da UE, xa que estes permiten que se realicen as contratacións públicas, tendo non só en conta o prezo senón tamén outros aspectos como os ambientais e os sociais.

O TTIP, ao perseguir a liberalización total dos servizos públicos e a apertura de prestación dos mesmos ás ETN, así como ás compras e licitacións de bens e servizos das Administracións Públicas, pon en perigo todos os servizos e compras públicas, en todos os niveis de poder, e compromete a habilidade dos representantes elixidos para administrar libremente as súas comunidades, así como promover a industria, emprego e iniciativas locais.

Deste xeito, as leis do comercio priman sobre calquera outra consideración social, e ignoran calquera lexislación continental, estatal, nacional, rexional ou local. As comunidades atópanse dominadas por axustes estruturais restritivos debidos aos acordos e as políticas de libre comercio e de protección do investidor.

Esta lóxica desmantela os servizos públicos e suprime a liberdade dos poderes locais para fornecer os servizos públicos e satisfacer as necesidades sociais das súas poboacións, atendendo a políticas e plans de desenvolvemento industrial e de fomento da industria e emprego locais.

As cidades e os municipios europeos recoñecen a importancia do comercio de mercadorías e de servizos para o benestar da cidadanía. Con todo, a competitividade e o desenvolvemento económico non deberían ser os únicos criterios para determinar os acordos comerciais tales como o TTIP. Así mesmo, os aspectos ecolóxicos e sociais teñen que ser considerados en calquera negociación comercial bilateral.

As Administracións Locais:

- ao estar preto das necesidades dos seus pobos, teñen o deber de inxerencia e de resposta respecto do que planea o TTIP, se non queren ser corresponsables de poñer ás persoas e ao planeta en perigo.
- sendo as canles adecuadas para promover os servizos públicos e a industria e emprego locais, esfórzanse para a súa promoción como resposta ao interese

común.

- están obrigadas a resolver os retos sociais, económicos e ambientais e, conseguintemente, a defender a universalidade dos servizos públicos e a protección da cidadanía.

As colectividade locais desexan ampliar o debate público e democrático sobre o que está verdadeiramente en xogo tras este Tratado e a sorte que correrán os servizos e compras públicos:

- o comercio e o investimento soamente poden contribuír ao ben común e conducir a intercambios económica e socialmente beneficiosos se respecta as necesidades humanas en todo lugar, e non se basea no beneficio dos especuladores financeiros e das empresas multinacionais.

- a eliminación programada e progresiva dos servizos públicos é ao mesmo tempo a eliminación programada e progresiva da solidariedade e a democracia.

- a apertura máxima dos servizos e as compras públicas á competencia produce efectos contraproducentes en canto á súa accesibilidade, a súa calidade e o seu custo.

- os dereitos sociais son dereitos inalienables, polo que non poden depender exclusivamente da lóxica do mercado.

- só a existencia diversificada de servizos públicos socialmente útiles, permite asegurar unha calidade de vida digna para todos e en todas partes, en estreito nexco co exercicio real da democracia.

- o control público debe preservarse para garantir o acceso aos bens comúns e á creación de novos servizos públicos, así como para favorecer a industria e emprego locais.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal da Marea de Vigo somete á consideración do Pleno do Excmo. Concello de Vigo os seguintes ACORDOS:

1. Declarar ao Municipio de Vigo como “ Municipio oposto ao Acordo Transatlántico de Comercio e Investimento (en inglés TTIP)”, defendendo os servizos públicos básicos para a solidariedade e redistribución social.

2. Solicitar do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas do Goberno de España o seu apoio a todas as iniciativas dirixidas a manter o carácter público dos chamados servizos socialmente útiles.

3. Solicitar do Ministerio de Economía e Competitividade do Goberno de España a suspensión das negociacións do TTIP e outros acordos comerciais similares, coa finalidade de conseguir que:



- mecanismos como o ISDS ou similares non sexan incluídos neste nin en ningún outro Tratado.
- se defenda a actual política reguladora da UE e dos seus estados membros, de xeito que non se perdan competencias en materias de lexislación social, protección ao consumidor e medio ambiente.
- o Tratado non se limite a obxectivos meramente económicos e que lle dea a mesma importancia e consideración aos obxectivos sociais e aos ambientais.
- se termine a actual falta de transparencia das negociacións, se faga pública toda a información e se abra un debate público na UE e nos seus respectivos parlamentos nacionais.
- os servizos públicos e a propiedade intelectual sexan excluídos do Tratado.

A Comisión Informativa de Política Social, Igualdade e Xuventude, na súa sesión de 19.10.2015, quedou enterada da moción.

DEBATE.-

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Hoxe traemos a este Pleno unhas propostas de acordo relativas a TTIP, o Acordo Transatlántico para o Comercio e Investimento está sendo negociado pola Comisión Europea e os Estados Unidos e para os estados hai riscos esenciais se esta normativa se sae adiante.

Hai unha difuminación absoluta da soberanía dos pobos no marco do TTIP por imposibilidade de aplicar políticas distintas aos enunciados que latexan no tratado. Estamos ante un acordo que contén por exemplo, a privatización da xustiza ao someter tódalas discrepancias sobre inversións exteriores e procedementos arbitrais privados, e a Comisaria de Comercio da Comisión Europea presentou unha proposta para a modificación do mecanismo de solución de controversias entre inversores e estados, no que segundo a Comisaria Malmström con esta reforma prodúcese unha mellora do antigo sistema de resolución de conflitos, máis iso é maquillase en realidade porque os nodos substanciais do sistema arbitral continúan vixentes. A Comisaria manifestou que a reforma proposta non afectará ao sistema arbitral previsto no acordo económico e comercial global entre a Unión

Europea e Canadá, o cal implica que as empresas transnacionais de Estados Unidos e as de terceiros países, a través das súas filiais con sede en Canadá ou na Unión Europea, poderán activar o mecanismo arbitral tradicional establecido no CETA, é dicir, procedementos arbitrais privados con xuíces escollidos por criterios que marca o propio Tratado.

O Tratado incluírá unha cláusula de cooperación reguladora, un mecanismo que consiste en harmonizar as regulacións e lexislacións a ambos lados do atlántico. Tendo en conta a aplicación deste mecanismo en materia de dereitos laborais supoñería unha redución nos dereitos das e dos cidadáns da Unión Europea, xa que Estados Unidos só subscribiu dous dos oito convenios fundamentais da Organización Internacional do Traballo, limitación dos dereitos de representación colectiva, eliminación do principio de precaución en materia de estándares técnicos e de normalización industrial, son as consecuencias que traería este tratado pola igualación normativa que queren poñer.

O TTIP traerá a entrada de alimentos contaminados por transxénicos non autorizados na Unión Europea. Segundo Amigos da Terra e Ecoloxistas en Acción que se basean en documentos do tratado xa asinado entre a Unión Europea e Canadá, e ao que nos referimos anteriormente respecto aos tribunais privados de arbitraje, a normativa estadounidense non fai distinción entre os alimentos transxénicos e os que non o son, e tanto os lobbies da industria como Estados Unidos presionan á Unión Europea para que levante a súa restrición sobre moitos destes produtos.

A industria leva anos presionando para que Europa levante o principio de precaución que prohíbe certas substancias e actividades perigosas para o Medio Ambiente, a harmonización lexislativa, sempre á baixa, que implicaría o TTIP, eliminaría este principio, as organizacións ecoloxistas denuncian que a súa aprobación significaría menos control sobre substancias químicas e tóxicas que afecten ao medio ambiente e ás persoas.

Poderíamos pensar que ao ter que ser aprobado polo Parlamento Europeo, as e os nosos representantes poderán controlar estas normas, pero na realidade como acceden os parlamentarios a estes documentos? Unha sala de lectura máximo de dúas horas, sempre baixo a supervisión dun funcionario, sen teléfono móbil nin bolígrafo ou ordenador, estas son as estritas condicións baixo as que as/os

eurodiputados teñen acceso a algúns dos documentos confidenciais, ou non oficiais seguindo a eufemística denominación oficial que compoñen as negociacións entre a Unión Europea e os Estados Unidos para aprobar o tratado. Nin sequera toda a documentación sobre o TTIP está alí, pois algúns documentos fan referencia a anexos que non están dispoñibles, todas estas consultas fanse cunha cita previa que fai que o período entre consultas dunha mesma europarlamentaria teña meses de demora. Estamos polo tanto ante unha normativa que o único que vai mellorar é a liberalización do mercado, a desregularización das normas de traballo e a igualación á baixa das medidas de protección dos consumidores. Isto é o que sabemos, máis o que non sabemos nin nós nin as nosas representantes no Parlamento Europeo independentemente da súa cor, fai que calquera organización que apoie estas negociacións estea a facer un acto de fe e os acordos políticos teñen que estar baseados en feitos e non dogmas do estilo “a apertura dos mercado crea emprego”, xa que os acordos nesta mesma liña xa postos en marcha amosan todo o contrario. É por isto que instamos a esta corporación a declarar ao noso municipio como contrario ao TTIP como xa fixeron outros concellos da nosa contorna e instar ao Ministerio de Economía a suspensión das negociacións.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Polo que escoitamos ata o de agora aquí, parece que o grupo de Marea de Vigo a sucursal da marca Podemos na cidade, vai en dirección contraria ao que é o sentido común, ao que é a globalización que chegou e chegou para quedarse, ou non están ben informados ou estano pero pretender enganar e meter medo á xente ou como xa están en campaña electoral pretenden intentar vender como comunismo 4.0 o que foi sempre a extrema esquerda ou a esquerda radical como se di agora neste país, que son “os do non polo non”, non á autoestrada que era unha navallada a Galicia, non a Citroën, non ao novo hospital, non en definitiva ao progreso, ao desenvolvemento económico e social e á liberdade.

Xa sabemos todos, señores de Podemos na cidade, cal é o seu modelo, o seu modelo é o de Venezuela, de Cuba, Irán ou o de Corea do Norte, se cren máis listos que ninguén pero o seu modelo económico só trae pobreza e miseria, e algúns estamos en política entre outras cousas, para impedir que as súas ideas crezan na

nosa cidade. Pois ben, señores da Marea de Vigo, querido compañeiro Sr. Jácome, efectivamente o Acordo Transatlántico de Comercio e Investimento é o nome que se lle deu a un convenio que se está a negociar entre a Unión Europea e os Estados Unidos, o seu obxectivo é eliminar as barreiras ao comercio, arancelarias pero tamén non arancelarias, normativa innecesaria, restricións ao investimento etc., nunha ampla variedade de sectores económicos co fin de simplificar a compra-venta de bens e servizos entre a Unión Europea e os Estados Unidos, así como facilitar ás súas empresas os investimentos na economía da outra parte, estamos a falar das dúas principais economías do mundo, Estados Unidos e Europa supoñen o 40% do PIB mundial, 800 millóns de consumidores, 32 billóns de euros de PIB.

Calcúlase que como consecuencia do Tratado a economía da Unión Europea podería obter uns beneficios de aproximadamente 120.000 millóns de euros anuais, o que equivale a 550 euros extraordinarios por fogar medio da Unión Europea.

É sobre todo un acordo estratéxico, pola súa importancia económica a súa capacidade de xerar crecemento e emprego e pola relevancia de Estados Unidos como principal socio comercial de España fora da Unión Europea, porque por se non o sabe España exporta a Estados Unidos máis que a México, Brasil, Arxentina, Chile, Colombia e Ecuador xuntos, uns 11.000 millóns de euros, de aí a importancia da relación comercial de España con Estados Unidos, nun contexto no que o comercio internacional, dígollo por experiencia, se configura como un claro motor de crecemento e de xeración de postos de traballo. España vai ser un dos principais beneficiarios do Acordo en termos de emprego porque sería o carto país que máis postos de traballo xeraría, 143.000 novos empregos. Non está sendo un acordo fácil, xa van nove rondas de negociación dende que se iniciaron en xuño de 2013 e a seguinte terá lugar en Bruxelas a semana do 13 ao 17 de xullo, a pesares de que pasaron case dous anos dende o inicio das negociacións, o avance foi moi limitado, e nisto parece ser que tamén estamos de acordo, eurodiputados e partidos como o Partido Popular o Partido Socialista e o Liberal, e ante todo está sendo un acordo transparente, que ademais de múltiples comparecencias do Secretario de Estado, está na páxina web do Ministerio, está toda a información actualizada sobre o estado de situación das negociacións, os informes, as follas

explicativas sobre os temas máis controvertidos e ata unha copia do mandato de negociación en castelán, ademais nun exercicio de transparencia sen precedentes, a Comisión Europea publicou o 7 de xaneiro de 2015, as súas propostas de negociación. A apertura ao comercio e ao investimento son as mellores fontes de crecemento e emprego, é un gran reto e polo tanto unha gran oportunidade, señores de Podemos en Vigo non fagan demagogia, non intenten poñerlle portas ao campo porque este tratado xerará emprego e riqueza para Vigo, para Galicia, para España e para Europa.

SR. LÓPEZ FONT: Acordos entre o Partido Socialista e o Partido Popular os escritos porque dalgunhas das cousas que dixo o concelleiro do Partido Popular evidentemente que non estamos de acordo.

Estamos ante un tema político de primeira importancia, os acordos de comercio e investimento non teñen porque ser malos, a realidade é que vivimos nun mundo globalizado e esta realidade obriga a non pechase absolutamente en nada, pero dito isto a continuación debemos de ter a máxima esixencia de respecto aos dereitos de cadaún dos estados membros da Unión Europea, e todo o que comporta en dereitos laborais, servizos sociais e servizos públicos, ao partido que represento, ao Partido Socialista ninguén lle pode dar clases neste apartado, nesta defensa porque o demostramos con creces ao longo da nosa historia.

Con respecto a este posible acordo que se está a negociar dende 2013, e recalco, posible acordo, a nosa posición sempre foi clara, e algunhas das afirmacións da súa moción xa foron postas en alerta polos representantes do Partido Socialista, tanto no parlamento do Estado español como no Parlamento Europeo, e que basicamente son, límites na negociación do acordo, transparencia na mesma, salvagardar a capacidade regulatoria dos estados, manter os estándares relacionados con sanidade, auga e outros, protección baixo estrita regulación de dereitos laborais e entre outros exclusión explícita da liberalización de servizos incluído de forma expresa a administración local, por iso presentamos unha emenda de substitución que esperemos que acepte o grupo de Marea de Vigo, e presentamos esta emenda porque basicamente requirimos que por parte do Goberno do Estado español haxa unha oposición clara, un estudo e unha transparencia no que se está a negociar, o que pasa é que claro, o goberno do

Partido Popular e o Sr. Rajoy en especial non son os adalides da da transparencia nin son os adalides da defensa dos intereses dos españois. É evidente Sr. Jácome que en caso de que o grupo Marea de Vigo, o conxunto de Podemos houbera aprobado e apoiado un goberno de progreso para o Estado español, posiblemente ese goberno de progreso que se lle propuxo e que non aceptaron, seguro que defendería moito mellor a posición dende o Estado español do que o vai facer o Sr. Rajoy en tanto siga en funcións.

Polo tanto, é certo que consideramos necesario un pronunciamento deste Pleno, porque este goberno municipal está oposto a tódolos recortes do Sr. Rajoy, do Sr. Feijóo e compañía do Partido Popular, pero non pode ser a moción como se propón por Marea de Vigo, porque parece que o acordo xa foi adoptado e isto non é certo e debemos defender á nosa cidade dese acordo e non é esa a situación porque esta é a contradición e por iso non podemos estar de acordo. Pedimos a Marea de Vigo o apoio á nosa emenda de substitución, primeiro, porque di basicamente o mesmo e máis se se quere, porque é unha defensa moi clara do público e dos dereitos dos vigueses e nese sentido entendemos que Marea de Vigo debe facer un esforzo por buscar pronunciamentos razoables, afastados de pronunciamentos moi radicais e enérxicos que poden quedar moi ben de cara a galería pero que imposibilitan acordos.

Fagamos posible acordos en beneficio de todos, non nos poñamos á marxe, pero iso si, sendo moi firmes na defensa dos dereitos dos traballadores, dos cidadáns e dos dereitos das administracións como a local, precisamente para que non se produza unha privatización de servizos públicos, pero temos que estar todos moi alerta, temos que ser moi esixentes e firmes, e lle recomendo cariñosamente ao grupo de Marea de Vigo na medida na que teñen alcaldes en distintas cidades de Galicia, que coidado coas xiras a arxentina non vaia ser que o encantador de serpes, o Sr. Feijóo, sexa capaz de convencer das bondades do TTIP ao Alcalde de Santiago de Compostela e mañá Marea de Vigo teña que dicir o contrario do que dixo nesta moción.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Encántame cando nos poñemos internacionalistas, Corea do Norte, Irán, Venezuela, non sei o modelo para quen, dende logo para nós non porque non somos venezolanos, non somos iranianos, non somos coreanos,

preferimos falar do que nos está a pasar aquí non como o Partido Popular que se está desviando un pouco, pero xa que non poñemos internacionalistas podemos falar un pouco do acordo de libre comercio entre México e Estados Unidos, o NAFTA, que é este acordo a base sobre a que se está a negociar o TTIP, segundo os macrodatos podería parecer que efectivamente todos estes beneficios dos que fala o Partido Popular son fantásticos e maravillosos, pero se imos un pouco ao miúdo, se imos a outra cara da moeda, se nos saímos dos datos macroeconómicos atopamos que México, o nivel de pobreza extrema subiu, pasando dun 16% a un 28% só nos primeiros 5 anos da aplicación do tratado, que 5 millóns de labregos tiveron que abandonar as súas terras debido a que as altas subvencións da agricultura dos Estados Unidos fai inviable a produción en países con menor concentración da produción, que hoxe a pobreza en México acadou un 52% da poboación, é dicir, o TTIP no noso país e nos termos actuais serviría como moito para mellorar os resultados de índice IBEX 35, ese dato macroeconómico que de nada serve ás clases populares, que non está nunca de máis lembrar que desas 35 empresas ata das 17 das 35 non pagan nada polo imposto de sociedades en España e 34 das 35 empresas teñen filiais nos paraísos fiscais, que podemos poñermos outra vez se queren internacionalistas con Panamá ou con Bahamas. En canto á emenda do Partido Socialista, en principio poderíamos chegar a un acordo sen ningunha dúbida pero con certos matices, gustaríanos aceptar gran parte da súa emenda sempre e cando o punto 1 acorden retiralo e introduzamos tamén o noso punto 1 coa seguinte terminación, mentres non se cumpran estes acordos propostos na propia emenda “declarar ao municipio de Vigo como municipio oposto ao Acordo Transatlántico de Comercio e solicitar do Ministerio de Economía e Competitividade do Goberno de España a suspensión das negociacións”, quitando o punto 1, é dicir, de 12 acordos que propoñen se retiran só un aceptaríamos os outros once.

PRESIDENCIA: Sr. López Font? Non se acepta a proposta.

VOTACIÓN: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e vinte e

dous votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras , Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 14.10.2015 (Rex. Nº 1230/1101), polo concelleiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Jácome Enríquez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**5.2(64).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A QUE ASUMA AS SÚAS COMPETENCIAS E FINANCIE NA SÚA INTEGRIDADE A TOTALIDADE DO PROXECTO DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES DE VIGO. REXISTRO PLENO 1361/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de abril de 2016, número 1361/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Marra Domínguez, formula a seguinte,

MOCIÓN

"Tras mais de sete anos de atraso, en marzo de 2015 a Xunta de Galicia inicia os tramites para a licitación do proxecto construtivo da nova estación de autobuses de Vigo que se integrase coa estación ferroviaria de Urzaiz.

Resultado deste atraso, é que na actualidade o Goberno de Feijoo non conta nin sequera cun borrador de redacción do proxecto básico e construtivo da nova estación, nin con partida orzamentaria para a execución da obra, tal e como se puxo de manifesto na última reunión mantida entre o Concello de Vigo e a Directora Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia.

Como é ben sabido, a nova estación de autobuses é competencia íntegra da Xunta



de Galicia, polo que é a Administración Autonómica o órgano responsable de executar a totalidade 100% da obra e, en consecuencia, de financiar todas as actuacións expropiatorias e de accesos a realizar necesarios para que a nova estación de autobuses sexa unha realidade.

Desde o principio, o Goberno de Vigo mostro o seu máximo apoio e colaboración técnica con este proxecto que considera fundamental para a mellora da competitividade territorial e o desenvolvemento económico da cidade e de toda a súa área metropolitana, pero tendo sempre presente que é a Administración Autonómica, en uso das súas competencias, a que debe financiar íntegramente o 100% da nova estación de autobuses de Vigo, incluídas todas as actuacións de expropiación e de accesos a realizar necesarios para a execución na súa totalidade da nova estación.

Neste sentido, non pode admitirse a pretensión da Xunta de Galicia de que ditas actuacións de expropiación e de accesos necesarios para a execución na súa totalidade da nova estación sexan asumidas polo Concello de Vigo, coma se tratácese dun proxecto totalmente independente, cando é unha obriga e unha competencia que claramente corresponde á Comunidade Autónoma.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

#### ACORDO

O Concello de Vigo insta á Xunta de Galicia a que asuma as súas competencias e financie na súa integridade a totalidade do proxecto da Estación de Autobuses de Vigo que se integrará ca estación ferroviaria de Urzáiz, incluíndo a financiamento de todas as actuacións de expropiacións e accesos necesarios para poñer en marcha dita obra.”

A Comisión Informativa de Transporte, Proxectos, Emprego, Economía e Parques e Participación, na súa sesión de 18.04.2016, quedou enterada da moción.

#### DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Falamos hoxe dun proxecto, o proxecto da estación intermodal que ten unha clara vocación metropolitana porque non é só para a utilización dos cidadáns de Vigo senón é para todos aqueles que teñen que achegarse a estación ou a Vigo dende os seus concellos e polo tanto ten unha clara vocación metropolitana, polo tanto dentro das competencias da Xunta de Galicia, un proxecto que unido á Estación Tom Mayne, deu como resultado unha

reunión entre o Concello, o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia para acordar como axilizar ámbolos dous proxectos, nesa reunión acordouse o primeiro punto é que a Estación de Tom Mayne tiña que continuar a súa tramitación e se ía facer tramitándoa con cargo á Lei 3/2016, como proxecto urxente de indubidable interese público, a estación intermodal da Xunta de Galicia xunto cos seus accesos ía tramitarse tamén con cargo a este proxecto porque non encaixaba no planeamento municipal, polo tanto tramitada coa Lei 3/2016, como proxecto urxente e de indubidable interese público e por outra banda quedouse en coordinar ámbalas dúas actuacións.

Para sorpresa do Concello de Vigo, a semana pasada achegou a Consellería de Infraestruturas responsable desta actuación, unha proposta de convenio co Concello de Vigo e Ministerio de Fomento onde todo isto se cae, e cáese polos seguintes motivos, en primeiro lugar, cousa que nunca se falara, fálase da execución da Estación de Autobuses en dúas fases, unha sen o proxecto Tom Mayne, outra co proxecto Tom Mayne, é dicir, que temos a clara percepción de que o proxecto Tom Mayne non se vai executar e que o Ministerio vaino deixar de lado, cousa que nos preocupa especialmente, pero o segundo punto, a Xunta de Galicia propón que se adapte o planeamento municipal a través dunha modificación puntual do noso planeamento, absolutamente en contra do que se acordou nesa reunión onde se acordou explicitamente que para axilizar ámbalas dúas actuacións tiñan que tramitarse con cargo á Lei 3/2016, como proxecto urxente e de excepcional interese público, pero o que peor é que neste proxecto, este convenio, Vigo ten que pagar tanto ao proxecto de accesos como a execución dos accesos, que a Xunta de Galicia quere construír unha dársena, os autobuses poden chegar voando porque non se compromete a facilitar a accesibilidade deses autobuses nin de calquera outro vehículo e iso si os cidadáns de Vigo teñen que pagar a factura. Eu sinceramente pregúntome que fixemos os cidadáns de Vigo para que queiran maltratarnos así, porque a situación non ten comparación é como se alguén pretende que a estación de ferrocarril se fixera sen ter incorporadas as vías, que non existira a garantía de que os ferrocarrís poden chegar, de que o tren pode chegar á estación, pois nos pon unha serie de requisitos, a verdade e que a cada cal máis sorprendente porque non só nos di que temos que pagar o proxecto de accesos e a execución e expropiación dos accesos senón que ademais no di

incluso como deberíamos facelo, remodelación e ampliación da glorieta asistente na intercesión onde conflúen as rúas Lepanto, Baixada á Estación e Alfonso XIII, as conexións da Estación Intermodal coa Autoestrada AP-9, pero todo isto a cargo dos cidadáns de Vigo. Polo tanto, é absolutamente incompresible, a Xunta de Galicia nos convida a unha actuación onde pagamos nós, pero para que necesitamos nós á Xunta de Galicia se é que nós estamos executando todas esas actuacións. Cremos que sinceramente o que pon enriba da mesa esta situación é que a Xunta de Galicia non quere executar a estación Intermodal, e o que intenta poñer son excusas, excusas que son de mal pagador porque a estación de autobuses, esta estación Intermodal, levamos seis anos esperando por ela, e ao longo destes seis anos non tiveron un intre para propoñerse facela, iso si agora empezan a poñer todaserie de atrancos, e incluso xustifican esta situación coa nulidade do Plan Xeral do 2008, pero vostedes saben perfectamente que do Plan do 2008 esta estación proposta pola Xunta de Galicia non tiña encaixe verdade? Sábeno perfectamente, e saben tamén como no plan de 2008 os cidadáns de Vigo pagaban cero euros pola estación Intermodal, e agora a Xunta de Galicia o que pretende é que lle paguemos as expropiacións, os accesos, o proxecto e iso si, eles parece ser que fan unha dársena e unha marquesiña, menos tomaduras de pelo e máis seriedade.

Polo tanto lle propoñemos que financien todo e esperamos que tódolos grupos desta cámara se unan a esa proposta.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estaríamos de acordo con que efectivamente unha competencia en materia de transporte unha estación intermodal e por suposto unha infraestrutura deste tipo, estamos de acordo que é unha competencia autonómica e polo tanto os pagos do que son as expropiacións ou parte do desenvolvemento inicial do proxecto ten que estar obviamente substanciado e financiado con recursos autonómicos, o problema é que o Partido Popular e o Partido Socialista aprobaron unha lei, e eu quero e vou citar algún artigo desta lei, que este grupo municipal e o propio grupo parlamentario Alternativa Galega da Esquerda poñía en dúbida precisamente por estas cuestións para salvar unha anulación dun plan xeral apoiamos co Partido Popular no Parlamento de Galicia unha lei moi rimbombante de medidas en materia de Proxectos Públicos de

Urxencia e que o que di é que precisamente onde non hai planeamento, onde hai un caso, vostedes incluso falaban de era a lei para desbloquear o urbanismo de Vigo, esa lei o que di no articulado, isto afortunadamente é público, calquera cidadá pode velo, e dío no capítulo VIII, “si la ejecución de los proyectos públicos previstos en este artículo conllevase la necesidad de expropiaciones, tendrá la condición de administración expropiante e beneficiaria de la expropiación, el ayuntamiento” e polo tanto nós non entendíamos esta lei e e non a entendíamos porque para sortear a carencia dun planeamento urbanístico municipal aplícase unha lei onde sempre imos ser os concellos os que asumamos as expropiacións, e polo tanto, a lei dio claramente e nós entendemos que o Partido Popular o que vai facer de maneira arbitraria dende logo vai intentar que esa lei se faga valer en todos e en cadaún dos concellos, e polo tanto como ten que ser un acordo entre o Concello e a Xunta de Galicia, iso é certo, empezaremos a batalla campal en cadaún destes proxectos en ver quen é a administración expropiante e dende longo nós queremos saber se vai haber un espírito de colaboración entre as dúas administracións porque ao fin e ao cabo a lei é filla de dous partidos políticos que decidiron apoiala. Sen Plan Xeral temos que ir a esta lei e temos que utilizar esta lei para levar adiante a estación Intermodal se dicía precisamente que era a lei para quitar este proxecto que se nos explique se se vai sortear ou non o que figura no punto oito desta lei que é que a expropiación corre a cargo do Concello de Vigo, cousa coa que nós non estamos de acordo, xa o digo así, pero nós non votamos esta lei no Parlamento de Galicia. Polo tanto, para nós empeza esa batalla outra vez, antes era unha batalla ligada aos convenios que tiñan que asinar as dúas administracións, agora será ligada á interpretación da lei ou a interpretación que se ten que facer de como se da impulsos a proxectos especiais a través deste articulado de lei.

Polo tanto, para nós solventar estas cuestións sería apurar e ter xa un calendario de traballo no novo Plan Xeral e facer o encaixe necesario da estación Intermodal e deixarse de vías mortas como son estas modificacións ou estas leis expres en teoría para solventar a ausencia de planeamento urbanístico nos concellos e pensamos que vai dar estes problemas, que imos estar sistematicamente pelexando as administracións locais que con toda razón consideramos que non deberíamos pagar estas expropiacións sobre todo para temas de infraestruturas

que teñen que ver con cuestións ferroviarias ou de transporte público de estrada, e nós pensamos que este debate vaise abrir e polo tanto, esta lei o que deixa claro é que é unha lei improvisada, é unha lei que permite este tipo de interpretacións en paralelo, unha administración que di que ten que ser a outra a que ten que facer a expropiación, e volveremos estar “sine die” sen unha concreción clara do proxecto a pesares das declaracións da concelleira de que se ía facer contra vento e marea, que xa estaba o proxecto en redacción e nós o que vemos é que esta espita que se abriu, pode permitir precisamente esa dobre interpretación de quen é a administración que paga a expropiación.

Polo tanto, nós imos seguir defendendo que esta lei é un desastre, e sobre todo porque era AGE no Parlamento de Galicia, a pesares de tódolos insultos e descualificacións, a que alertaba desta situación absolutamente ambigua con respecto a ese factor de expropiación que figura na lei, estaremos pelexando en todos estes ámbitos quen é a administración que expropia. Polo tanto, isto non sería por avisado por parte do grupo parlamentario de AGE.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade Sra. Caride, que escoitándoa e lendo a moción que presentan no Pleno, ten un a sensación de que xa viu esta película, é esa sensación de que hai algo que te sona que non sabes moi ben que ata que definitivamente identificas a película que che están a contar porque xa cha contaran antes, con outros actores é verdade, pero exactamente coa mesma intención pola súa parte, se quitamos estación Intermodal e poñemos Cidade da Xustiza aí poñemos claramente a relación, e é que sinceramente están vostedes preparando un “remake”, están volvendo a facer que esta cidade perda anos e anos para ter unha infraestrutura que necesita porque vostedes só viven da confrontación, é o único que lles importa, o que menos lles importa son os servizos que necesitan os cidadáns, iso é o que menos lles importa, o que lles importa é empezar discusións estériles negando o que é da súa competencia porque si Sra. Caride, facer as infraestruturas viarias dunha cidade é competencia do Concello, non é que o diga eu, é que parece mentira que vostede que foi a responsable deste Plan Xeral do 2008 que nos anulou, non se lembre e non repasara, agora que teñen que estar supostamente repasando todo o Plan do 2008, porque din que van copiar e pegar para o plan que teñen que facer, por certo, que aínda non

sabemos cando vai estar nin sequera o primeiro documento, se vostede ve o Plan de 2008 e lle importa, verá que nese plan xa estaba este proxecto previsto, e estaba un proxecto que claramente poñía a estación Intermodal, a estación do AVE, a Estación de Tom Mayne e os accesos, e poñía que os accesos eran competencia e tiña que facelos o Concello de Vigo e ademais ata lle daba un prazo o ano 2012, no ano 2012 tiñan que estar rematados eses accesos e negáronse a facer o que tiñan que facer, o que é exactamente da súa competencia, e é moi curioso que chegara antes o AVE á cidade que é unha obra moito máis difícil, moito máis importante que dende o Concello de Vigo foran capaces de facer os accesos e de deixar que o autobús chegue á estación, porque sabe o que están a conseguir? O que están a conseguir é que os viaxeiros que veñen á cidade a través dun medio de locomoción do século XXI, como é o AVE, cando chegan a Vigo atópanse cunha cidade terceiro mundista, que non ten unha estación, non ten unha parada de autobús preto da estación, que os viaxeiros teñen que coller as súas maletas, cargando o seu equipaxe en busca do autobús, e está saíndo este mesmo ano no xornal o percorrido indignante que teñen que facer os cidadáns que chegan a esta cidade coas súas maletas porque vostedes non foron capaces de facer os accesos que estaban previstos e que estaba previsto no Plan Xeral 2008, poderá negar todo o que queira, que estaba previsto que o fixera o Concello de Vigo. E o Concello de Vigo como é incapaz de facer nada, como lle sobran os millóns que non executa, tampouco está a facer estes accesos e agora di que é competencia da Xunta de Galicia, a Xunta de Galicia vai financiar o 100% da estación Intermodal, o 100%, para os cales xa hai terreo, non hai que expropiar, o único que fai falla é que vostedes colaboren e fagan os accesos que son da súa competencia e que teñen que facer, como sempre negaranse, como sempre estarán dando largas, dicindo que é competencia doutro e mentres tódolos vigueses/as seguirán sen as obras e sen os servizos que dende logo se merecen.

Parécenos lamentable que volvamos a reeditar outra vez a mesma película, porque ademais sabe o que pasa? Que somos os únicos, que nos imos quedar á cola, que vostedes van facer que nos quedemos á cola outra vez, e que o final da película lamentablemente xa o coñecemos, que Santiago de Compostela, Ourense, que A Coruña, que tódalas cidades nos pasen por a dereita e nos adianten, e teñan estación intermodal antes que Vigo, iso é exactamente o que nos farán,

adiantarannos e terán unha estación intermodal antes que a cidade. Logo será culpa de todo o mundo menos de vostedes, será culpa do Goberno de España, por certo, dubidan de que se faga Tom Mayne, eu lle podo asegurar que se o Partido Popular segue gobernando en España iso se fará, outra cousa é que se vostedes chegan a ter a oportunidade de coller o goberno, entón si se paralizará “sine die”, igual que fixeron co AVE que foron incapaces de traelo a esta cidade porque o Partido Popular cumpre coas súas promesas, cumbran vostedes coa súa competencia, coa súa obriga, co que estaba planificado e fagan os accesos que a estación Intermodal será feita pola Xunta de Galicia ao 100%.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Non é certo que o Concello de Vigo teña que pagar as expropiacións con cargo á Lei 3/2016, nin o Concello de Vigo nin ningún concello, o que teñen que facer eses concellos é tramitar as expropiacións é a administración expropiante, pero igual que é absurdo imaxinar que se houbera que facer unha intervención, por certo, xa sei que a vostedes non lle interesa mellorar as posibilidades de ampliación de Citroën, sei que iso non lles preocupa, pero como a nós si, se houbera que ampliar o polígono da Zona Franca obviamente quen pagaría esas expropiacións sería Zona Franca, as expropiación farías o Concello de Vigo e pagaría o custe das expropiacións a Zona Franca porque obviamente é a administración interesada, por aquí igual, o Concello de Vigo se compromete a tramitar as expropiacións, claro que si, a administración expropiante, pero iso non quere dicir que sexa a administración que financie esa obra, faltaría máis.

Claramente Sra. Muñoz, o seu é de traca, ou sexa que para vostede unha estación de autobuses é unha explanada onde hai uns rebordes para que aparquen os autobuses e unha marquesiña para que a xente non se molle, iso é unha estación de autobuses, como cheguen os autobuses é competencia doutro, é alucinante, igual que se na estación de tres os trens non chegan, a vostede dálle igual. O Plan Xeral, Sra. Muñoz, que parece que non o estudou moi ben, establece esa actuación dentro dun ámbito, por certo, cuns accesos que non se parecen nada aos que hoxe quere facer a Xunta de Galicia, segundo nos din, pero ademais só ten que ir á ficha do Plan Xeral do ano 2006, e mirar que pon na estación de autobuses, “actuación sectorial de mobilidade estación de autobuses Vigo-Urzaíz”. Concello de Vigo financiamento cero euros, que casualidade! Como é posible, Xunta de Galicia, o

importe de toda a obra, a elaborar no primeiro cuadrenio e levamos moitos e aínda non fixeron nada Sra. Muñoz. Pero o máis sorprendente de todo é que a vostede lle parece ben que teñamos que ser os vigueses os que financiemos non só os proxectos que xa é tremendo, hai que facer os proxectos de acceso porque a Xunta de Galicia non sabe facelos, nin ten capacidade nin para financiarlos nin para executalos parece ser. Por outra banda o Concello de Vigo ten que pagar as expropiacións e ten que executar as obras dos accesos, pero Sra. Muñoz vaia exemplo, a Cidade da Xustiza, vaia exemplo, levamos investidos 2,6 millóns de euros para que Sra. Muñoz? Para que agora chegue a Xunta de Galicia e nos diga que investimos 2,6 millóns de euros para actuar en outro ámbito? Pero a verdade é que canto temos que pagar os vigueses para que a Xunta de Galicia invista un só euro nesta cidade, máis responsabilidades Sra. Muñoz, un proxecto é completo, por certo cando chegue ese proxecto o Concello de Vigo se non trae os accesos temos que rexeitalo porque é imposible construír unha estación de autobuses senón se sabe como chegan os autobuses cara el. Polo tanto, que fagan o seu traballo e deixen de enredar que é a súa competencia.

**VOTACIÓN:** Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e cinco abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

**ACORDO:**

Aprobar a Moción presentada, en data 18.04.2016 (Rex. Nº 1361/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Marra Domínguez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.



**5.3(65).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DE ESPAÑA A DERROGAR O R.D.LEI 16/2012, DO 20 DE ABRIL, PARA RESTABLECER A UNIVERSALIDADE DA COBERTURA DO SISTEMA NACIONAL DE SAÚDE E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1362/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de abril de 2016, número 1362/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O ámbito subxectivo do dereito á protección da saúde foi profundamente modificado por este Goberno mediante o Real Decreto-lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a substentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións.

Con esta modificación alterouse unha norma de consenso que se había plasmado, en 2003, no artigo 3 da Lei de Cohesión e Calidade do Sistema Nacional de Saúde. Retrocedendo no longo camiño percorrido ata entón, volveu vincular o dereito á asistencia sanitaria pública gratuíta coa Seguridade Social. Consagra de volta a figura do «asegurado» como suxeito do dereito á protección da saúde. O Real Decreto-Lei 16/2012, derogou tacitamente os preceptos da Lei Xeral de Saúde Pública sobre extensión da asistencia sanitaria, deixando sen cobertura sanitaria directa aos profesionais e a todos aqueles que non teñan ningún vínculo coa Seguridade Social -e, mesmo, aos descendentes de asegurados maiores de 26 anos-, cuxos ingresos superen un determinado límite que a norma non precisa. Pero o máis grave é a expulsión da cobertura pública sanitaria dos estranxeiros sen permiso de residencia, coas graves consecuencias que implica en termos de saúde individual, saúde colectiva ou saúde pública, ademais do recorte de dereitos que supón e que non respecta principios constitucionais como é o da dignidade da persoa.

Desde o primeiro día, todos os profesionais sanitarios, partidos políticos, sindicatos e organizacións sociais rexeitaron esta reforma que altera a vocación de universalidade do noso Sistema Nacional de Saúde. Así mesmo, varias comunidades autónomas rexeitaron excluír aos inmigrantes en situación irregular do acceso ás prestacións sanitarias, recorrendo a reforma ao Tribunal Constitucional, e outras estableceron programas gratuítos de acceso á carteira básica de servizos sanitarios para este colectivo.

Por outra banda, o Goberno de España seguiu cernando neste tempo o dereito á cobertura sanitaria dos españois. Mediante modificacións lexislativas incluídas na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, modificouse a cobertura sanitaria dos españois que esgotasen as prestacións do sistema de protección por desemprego, que perderían o seu dereito a asistencia sanitaria no noso país se saen de España por tempo superior a 90 días, mesmo para buscar traballo ou formación. A presente iniciativa pretende repoñer a situación xurídica previa á promulgación do Real Decreto-lei citado.

Tras os anos de aplicación deste sistema de exclusión non se puido acreditar aforro algún para o sistema sanitario, pero si existen acreditados numerosos casos en que a falta de acceso normalizado á asistencia sanitaria concluíu con persoas que viron agravadas as súas enfermidades e outras que mesmo perderon a vida tras serlle rexeitada a posibilidade de ser asistidos por un médico. Un balance cruel baseado na imposición tan inútil como inxusta que urxe rectificar.

Evidentemente, a recuperación da universalidade do dereito á asistencia sanitaria, sendo o máis importante dos aspectos da política sanitaria que hai que rectificar non é nin moito menos o único. Como noutros ámbitos, o retroceso vivido requirirá da oportuna modificación, primeiro normativa, e posteriormente de xestión, relacionada co reforzo da xestión pública do sistema, a maior coordinación coas Comunidades Autónomas, a converxencia cara a unha carteira común de servizos para a toda a cidadanía, así como outras medidas que deberán ser impulsadas polo Goberno e consensuadas polas forzas políticas.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Vigo somete a votación o seguinte :

#### ACORDO

Instar ao Goberno de España a derrogar o Real Decreto Lei 16/2012 para restablecer a universalidade da cobertura do Sistema Nacional de Saúde e, procurando o consenso co máximo de forzas parlamentarias e Comunidades autónomas, reformar a lexislación sanitaria para asegurar a substentabilidade dun sistema sanitario público, universal, de calidade, gratuíto, con equidade no acceso por parte dos cidadáns, cunha mesma carteira básica de servizos para toda a cidadanía nun marco de ampla descentralización.”

A Comisión Informativa de Política Social, Igualdade e Xuventude, na súa sesión de 18.04.2016, quedou enterada da moción.

DEBATE:

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: De novo o grupo Socialista neste Concello propón unha moción neste Pleno para pedir de novo o restablecemento da legalidade, vivida antes do Real Decreto 16/2012, dado que este grupo municipal había presentado xa no seu momento o 27 de outubro do 2014, unha moción similar que foi aprobada por maioría. O ámbito subxectivo do dereito á protección da saúde foi profundamente modificado polo Goberno Central mediante o R.D. Lei 16/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do sistema nacional de saúde e mellorar a calidade e a seguridade das súas prestacións.

Con esta modificación alterouse unha norma de consenso que se plasmara en 2003, no artigo 3 da Lei de cohesión e calidade do sistema nacional de saúde, retrocedendo no longo camiño percorrido ata entón, volveuse a vincular o dereito á asistencia sanitaria pública, gratuíta coa Seguridade Social, consagra de volta a figura do asegurado como suxeito do dereito á protección á saúde.

O Real Decreto Lei 16/2012, derogou tacitamente os preceptos da Lei xeral de saúde pública sobre a extensión da asistencia sanitaria, deixando sen cobertura sanitaria directa aos profesionais e a tódolos aqueles que non teñan ningún vínculo coa Seguridade Social, unhas 200.000 persoas aproximadamente e incluso aos descendentes de asegurados maiores de 26 anos, pero o máis grave é a expulsión da cobertura pública sanitaria dos estranxeiros sen permiso de residencia, coas graves consecuencias que implica en termos de saúde individual e colectiva e saúde pública en xeral, ademais do recorte de dereitos que supón e que non respecta principios constitucionais como é o da dignidade da persoa.

Dende o primeiro día, tódolos profesionais sanitarios, partidos políticos, sindicatos, organizacións sociais, rexeitaron esta reforma que altera a vocación da universalidade do noso sistema de nacional de saúde, así mesmo varias comunidades autónomas rexeitaron excluír aos inmigrantes en situación irregular de acceso ás prestacións sanitarias, recorrendo a reforma ao Tribunal Constitucional e outras estableceron programas gratuítos de acceso á carteira básica de servizos sanitarios para este colectivo.

Por outra banda, o Goberno Central, o Goberno de España, seguiu cercenando nese tempo o dereito á cobertura sanitaria dos españois mediante bonificacións lexislativas incluídas na Lei de Presupostos do Estado do ano 2014, así desta forma modificouse a cobertura sanitaria dos españois que esgotaron as prestacións do

sistema de protección por desempleo, que perdería o seu dereito á asistencia sanitaria no noso país se saen de España por un tempo superior a 90 días, incluso para buscar traballo e formación.

A presente iniciativa pretende repoñer a situación xurídica previa á promulgación do Real Decreto Lei citado. Tralos anos de aplicación deste sistema de exclusión non se puido acreditar ningún aforro económico para o sistema sanitario, pero si existe en acreditados números, numerosos casos na que a falla de acceso normalizado á asistencia sanitaria concluíu con persoas que viron agravadas as súas enfermidades, e outras que incluso perderon a vida tras serlle rexeitada a posibilidade de ser asistidos por un médico, un balance cruel baseado na imposición tan inútil como inxusta que urxe rectificar.

Por todo isto o grupo municipal Socialista no Concello de Vigo, somete a votación a seguinte moción para ser aprobada e na que se insta ao Goberno de España a derrogar o R.D. Lei 16/2012, para restablecer a universalidade da cobertura sanitaria do sistema nacional de saúde.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: O grupo de Marea de Vigo vai votar a favor desta moción como non podía ser doutro xeito, pois claro que estamos de acordo que a lei 16/2012, de 20 abril, sexa derogada pero por tódolos motivos que vostede presentou aquí e por outros máis que se podían engadir. Pero é curioso que agora o Partido Socialista se queira atribuír os méritos de ser os máximos defensores da Sanidade Pública, é verdade que o fixeron moi ben no seu momento pero non é menos certo que foi tamén por causa de vostedes que se abrise paso ao camiño legal que permitiu transformar o sector público sanitario nun mercado, convertendo a sanidade nun negocio máis e iso foi culpa de vostedes cando xunto cos votos do Partido Popular, PNV, de CIU e de Coalición Canaria aprobaron a Lei 15/1997, curiosamente ninguén dos que formamos parte da Marea de Vigo, que non de Podemos, estabamos naquela á altura vinculadas a ningún deses partidos, máis se cadra algún de nós si estabamos vinculadas ás que votaron en contra desa lei que foi Esquerda Unida e o Bloque Nacionalista Galego. Que penoso os señores do Partido Socialista que cando se ven vostedes na necesidade se xuntan cos partidos de dereitas. Pois ben, é esa Lei a 15/1997, de 25 abril, por certo hoxe fai 19 anos dese desastre, a que lexitima a máis grande parte da desfeita que está

a ocorrer na sanidade deste país e que xa antes o fixo en Madrid e noutros lugares, pero logo arrepiéntese porque cando non se vai a favor dos intereses da poboación, logo a poboación pasa factura, e o Partido Socialista agora na oposición e no medio dunha situación catastrófica da sanidade cambio o apoio a esa lei, xa o 11 de decembro de 2012, no Congreso dos Deputados e das Deputadas, debateuse unha moción do seu partido pedindo a derogación de dita lei, a 15/1997, obviamente derrotada pola maioría absoluta do Partido Popular, eles si que o teñen moi claro, saben ben que a sanidade pode ser, e de feito xa o é, un negocio e non teñen ningún reparo en botar o negocio a andar.

Señores do Partido Socialista, “daqueles pos estes lodos” e agora toda a poboación temos que sufrir as consecuencias deses apoios a formacións que non miran polo ben da vida da poboación, senón polo ben das súas propias vidas.

Co cal nós pediríamos a volta á legalidade vivida antes do Decreto 15/1997.

SR. GAGO BUGARÍN: Sr. Rodríguez Escudero, na súa moción fala de dúas cuestións que a verdade que nos chaman a atención, en primeiro lugar, fala de consenso, a nos chámanos a atención que vostedes, o Partido Socialista, fala de consenso en materia sanitaria cando aquí en Vigo dixeron “non” ao primeiro especial público de España que se construíu nos últimos anos, dixeron “non” á cesión de terreos, dixeron “non” á integración dos servizos básicos como a auga e a luz, e díxéronlle “non” recentemente, por exemplo, a igualar as condicións laborais dos que traballan nos centros de saúde en relación cos que traballan no Hospital público, en calquera caso o que está claro é que a palabra consenso ten unha acepción ou a contraria en función de quen o di.

Despois tamén falan de que no hospital se segue falando en materia sanitaria das mortes que para min dende logo é unha das afirmacións máis trxicas e lamentables das que se din en política. En calquera caso Sr. Rodríguez Escudero, cando o Partido Popular chegou ao goberno de España como vostede sabe, tódolos gobernos da contorna puxeron en marcha programas de eficiencia para manter a sostibilidade dos sistemas sanitarios, despois de sete anos nos que estiveron vostedes en Madrid a débeda sanitaria aumentou un 173%, non existía o marco legal que regulase o acceso á sanidade pública e 200.000 españois non tiñan dereito á sanidade pública, fundamentalmente ás persoas que máis

vulnerabilidade tiñan, que eran os parados sen prestacións e profesionais con mutualidades alternativas á Seguridade Social. Vostede lembrará que o denominado turismo sanitario disparouse no noso país, é dicir, adicábase máis de 1.000 millóns de euros a pagar a asistencia sanitaria a máis de 700.000 estranxeiros que tiñan cuberta esa prestación polos seus países de orixe ou por seguros privados.

O primeiro que fixo este goberno, o goberno do Partido Popular, foi afrontar precisamente esta situación, é dicir, simplificar estruturas, eliminar duplicidades, racionalizar o gasto pero sempre preservando os recursos directamente destinados á atención das persoas. Hoxe en día España conta cun dos mellores sistemas sanitarios do mundo, hoxe en día España conta cun sistema sanitario máis xusto, no que un millón de persoas desempregadas e as súas familias que antes pagaban o 40%, agora están por primeira vez exentos de pagar as súas menciñas.

España conta cun sistema sanitario máis universal, onde hai 700.000 tarxetas sanitarias máis que ao principio da lexislatura e que puxo fin ao turismo sanitario.

Ademais España conta cun sistema sanitario máis equitativo, Sr. Rodríguez Escudero, cunha nova carteira común básica de servizos que garante as mesmas prestacións para tódolos pacientes en base a criterios exclusivamente científicos e técnicos.

Se quere falamos de Galicia, podemos falar de Galicia, Galicia no ano 2012 como vostedes saberá aprobouse o Programa Galego de Protección Social da Sanidade Pública, ese programa permitiu seguir atendendo ás persoas que non reunían as condicións de aseguradas, ese programa permitiu precisamente que a primeira comunidade de España fose Galicia a que seguiu mantendo e desenvolvendo a cobertura sanitaria á poboación inmigrante que non tiña regularizada a situación. A implantación dese Programa priorizou a continuidade asistencial destas persoas asegurando que quen o precisase puidera recibir a asistencia sanitaria que requirise.

A solicitude de inclusión no programa que se pode levar a cabo de forma sinxela en calquera dos centros de saúde do SERGAS, por outra banda as ONGs que traballan e colaboran coa Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, teñen facilitados os contactos telefónicos para seguir desenvolvendo e resolvendo calquera dúbida ou incidencia que se poida producir neste proceso, non quedando

sen resolver ningunha das cuestións que se propoñen.

Como vostedes sabe, os requisitos que se esixen para formar parte deste programa son en primeiro lugar, non ter dereito á asistencia sanitaria coa condición de asegurado ou beneficiario recoñecida polo Instituto Nacional de Saúde, por outra banda ter residencia en Galicia e a condición de residencia é xeral, é dicir, ter que residir en Galicia máis de 183 días ao ano e non dispoñer de ingresos anuais superiores ao do IPREM.

En Galicia poderíamos falar de cifras, vostede sabe que dende esta aplicación do programa hai 2.904 inmigrantes que xa participaron e formaron parte deste programa, en definitiva, esgótaseme o tempo pero creo que a demagogia en materia sanitaria e a demagogia en materia de racionalización e eficiencia ao sistema público de saúde non é precisamente a vosa das maiores virtudes.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Quería contestar en primeiro lugar á representante de Marea de Vigo, eu creo que é moi fácil contestarlle, vostede confunde dúas cousas, confunde o que é a esencia, valores, do R.D. 16/2012, co de melloras de medidas de xestión, un tema discutible e que por suposto podemos estar de acordo pero que realmente non ten nada que ver cun Real Decreto do 16/2012, que é o que levamos a este Pleno porque realmente do que estamos a falar aquí é de valores, dereitos e do que realmente é a esencia do Sistema Nacional de Saúde.

Respecto ao representante do Partido Popular, oíno con sumo respecto como sempre oíno, pero realmente con ruborizo, con ese ruborizo que vostede non é capaz de mostrar a pesar que ten motivos para ruborizarse polo que dixo.

A demagogia é a de vostedes, intentar facer política e ideoloxía a base de valores e dereitos dos cidadáns, vostedes laminaron o que é a esencia do Sistema Nacional de Saúde porque quebraron a universalidade para que fracturaron o que é o dereito ao acceso ao sistema e porque realmente o tiveron que fragmentar en múltiples formas de acceder que realmente lle quita a coherencia, cohesión e igualdade, é dicir, a equidade, quizais non lle soe a vostede eses valores, pero ademais hai outros valores que posiblemente para vostedes son alleos como é o da propia eficiencia do sistema, entendendo a eficiencia do sistema como ten que ser un sistema nacional de saúde.

O das mortes, Sr. Gago, non son mías, non o digo eu, dino a Rede de denuncia,

300 sociedades de toda España, médicos, profesionais, onde denuncian mortes concretas, vostedes quizais por mala conciencia están a transferir estas mortes a outras desgraciadamente que están en folla de ruta actual da actualidade, non, eu non falei dixo, falei disto, de mortes reais, de máis de 1.400 vulneracións de dereitos, de nenos sen tarxeta sanitaria, de 46 mulleres nos últimos anos que non tiveron dereito nin sequera, como se propugnaba o Real Decreto, á asistencia básica, é dicir, eu estou falando de datos, non de facer ideoloxía coa esencia do sistema nacional e coa panca do desenvolvemento e da paz como é o Sistema Sanitario. Vostedes laminaron o sistema sanitario.

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 18.04.2016 (Rex. Nº 1362/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**5.4(66).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A ACOMETER AS OBRAS DE INVESTIMENTO IMPRESCINDIBLES NAS OBSOLETAS INSTALACIÓNS EDUCATIVAS DA NOSA CIDADE. REXISTRO PLENO 1364/1101.**



ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de abril de 2016, número 1364/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

"O actual goberno galego é responsable do abandono dos centros de ensino da nosa cidade, logo de reducir drásticamente os orzamentos en educación.

A maioría dos centros educativos públicos teñen unhas instalacións antigas e obsoletas. Son centros con teitos en mal estado, goteiras, ventanais antigos que non permiten o aillamento externo nin a ventilación axeitada, instalacións eléctricas e de calefacción obsoletas e insuficientes, necesidades de ampliación e mellora dos comedores escolares, de adecuación de espazos e novos usos como bibliotecas, aulas de idiomas, psicomotricidade, etc...

O Goberno Galego do Partido Popular leva anos sen afrontar estas inversións.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

#### ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a acometer as obras de investimento imprescindibles nas obsoletas instalacións educativas da nosa cidade que garantan a calidade da educación pública e da igualdade de oportunidades."

#### DEBATE:

SRA. ALONSO SUÁREZ: Hai só dez días o Sr. Feijóo díxolle aos galegos/as que despois de liderar estes últimos anos de austeridade, vai asumir o compromiso en Educación de investir máis de 118 millóns de euros na construción de novos centros educativos e na reforma dos existentes, pero non aplaudan porque non será nin este ano nin o que ven, senón que fala dun investimento total nos próximos catro anos, si, como escoitan, un compromiso de catro anos e cunhas eleccións xa, e mentres os centros educativos sostidos con fondos do goberno galego afrontaron este curso escolar que estamos traballando, 2015-2016 cun lixeiro incremento presupostario na consellería de educación, son 2.188 millóns de euros previstos en Educación en Galicia para o 2016, o que supón un 4,69% máis, si pero logo desta última media década na que a dotación das contas públicas para o ensino reduciuse en moito máis de 300 millóns de euros, pois fagan as contas e

sen calculadora, co Sr. Feijóo tardaremos catro anos máis en recuperar unha terceira parte do perdido, pero mentres os investimentos reais para o 2016 continúan pola senda descendente dos anos anteriores, o orzamento para a construción de novos centros este ano fixouse en educación infantil, primaria, ESO, en 6,6 millóns e aí está incluído ese centro do que falábamos antes, o Alfonso Rodríguez Castelao, o único da cidade. En ensino secundario e FP, 8,6 millóns, onde se fala da ampliación do IES de Teis, o ensino universitario está un pouco mellor, 386,7 millóns, teñen 16 millóns máis que no ano 2015, un 4,42%, pero debaixo do incremento dos propios orzamentos da Consellería e da Xunta de Galicia. O Orzamento do 2016, este ano, para reparacións, ampliacións e mellora dos centros educativos redúcese, así como lles vou contar, en educación infantil, primaria e ESO só se destinan 2,6 millóns, decrece un 20%, esta partida xa tivera unha redución no 2015 do 33%; no ensino secundario e FP só se destinan 1,2 millóns do orzamento é un 6% menos, esta partida xa decrecera nun 17% no ano 2014.

Estas reducións tan drásticas e continuas nestes últimos anos, teñen a súa consecuencia no abandono dos centros de ensino galegos, nos centros educativos da nosa cidade, uns centros moitos deles construídos hai 30 ou 40 anos e polo tanto, moi necesitados de arranxos e reparacións que fan inasumibles as tarefas de mantemento básicas, cambio de cubertas, reformas de fachadas, cambio dos falsos teitos, mellora e cambio de instalacións eléctricas, pavimento de pistas, eliminación de barreiras arquitectónicas, illamentos e caldeiras, cambio de fiestras, etc. todas elas relacionadas coas obsoletas instalacións pero tamén é preciso adecuar esas infraestruturas á nova realidade educativa, ampliación de bibliotecas, de comedores, novos espazos educativos, aulas de idiomas, cobertura de patios, cando no 2009 este Concello fixo un estudo de toda a situación real dos centros educativos da cidade, e ese estudo e ese compromiso de reparar tódolos centros levoullo o Alcalde desta cidade ao Presidente da Xunta de Galicia, e saben que logramos? Nada de nada, pero hai pouco noutra reunión do Alcalde co Presidente, volveulle a presentar esa opción de poder reparar eses centros, e sabe que conseguimos e que estamos esperando os dos centros? Nada de nada. Cando un goberno aposta por investir en Educación, está apostando polo seu propio futuro.

SR. LÓPEZ BARREIRO: Pois a Marea de Vigo vai votar de novo a favor desta moción pois estamos ao tanto do desleixo no que se atopan os centros educativos, e ben sabemos tamén que ao Partido Popular non lles importa moito que estes centros estean en malas condicións xa que é un xeito de disuadir ás familias para que os seus fillos/as, para matricularlas en centros privados e desa maneira obter un pouco máis de negocio, porque está claro que o público precarizado, desviación para o privado, negocio seguro.

Pero isto terá que ser arranxado conseguindo que gobernen outras xentes un pouco máis sensibilizadas cos problemas da poboación agredida polas medidas que toman quen non vive eses atrancos pois teñen recursos económicos suficientes para solventalos. Por outra banda señores do Partido Socialista dende o goberno tamén se podería facer un maior investimento neste eido nas competencias que lle atinxen ao Concello. Ben sabemos que é máis doado criticar cando se está na oposición que solucionar os problemas cando se está a gobernar, pero cando se ten a oportunidade como vostedes a tiveron durante tantos anos de facer o que quixeron neste Concello sen ter medo a que a oposición llo impedise, ben se poderían ter investido máis en educación.

É a educación un pilar básico como vostedes mesma dixo para o desenvolvemento dos pobos, tomen nota e como lle teño escoitado ao Alcalde nalgunhas ocasións poñer como modelos Países Nórdicos e todos eses países, pois que copien un pouco os modelos educativos e de calidade como os existen por exemplo en Finlandia e que tamén se poden impulsar dende os Concellos.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Como sempre presenta vostede unhas mocións que invitan a lembrar tódolos investimentos que fixo, que está a facer e que ten previsto levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de Educación na cidade de Vigo, máis de 15 millóns de euros dende o ano 2009, pero que sempre está atendendo a necesidades e peticións das que fala vostedes nesta moción da comunidade educativa e por diante de que este goberno municipal poida requirir, porque farei referencia á moción que vostedes ademais fala en xeral, eu teño datos concretos de colexios e investimentos nestes temas que ten vostede presenta aquí e son moitos e xa que fala vostede das previsións que di o Sr. Feijóo

para os tres catro anos, pois se me da tempo falarei un pouco das previsións entón deses 118 millóns de euros que vai investir en Educación porque sempre está atento ás necesidades.

En canto a goteiras, fiestras antigas, calefaccións, temos aquí un cadro dende o ano 2012 fala pois de arranxos, electricidade, illamento térmico, logo podo pasarllo e son 108 actuacións por valor de case medio millón de euros precisamente para eses temas relacionados co mantemento e coa instalación en 50 centros de Vigo. En calquera caso, insisto, a consellería sempre está para sumar e para actuar onde faga falla.

Abraida me deixa vostede nesta moción cando fala dos comedores escolares cando as actuacións en comedores escolares permitiron mellorar notablemente nesta cidade o servizo de comedor e aumentar as prazas, porque as prazas están aí.

En resumo, temos un investimento de máis 1.500.000 euros, nós estamos a falar de obras e instalacións e adaptación de colexios, non estamos a falar de ningún outro tipo de axudas porque é o que presenta, estou a cinguirme a esta moción.

En resumo, temos un investimento de máis de 1.500.000 euros en ampliación de comedores, todos feitos en funcionamento, vostede coñecerao ben porque un é no Friáns Teis, no Otero Predayo, actuación e ampliación, o Pombal, no Pintor Laxeiro, en Balaídos, no Illas Cíes, 100.000 euros, 200.000 euros adaptación, ampliación e adecuación de espazos para ampliar as prazas de comedor, todos feitos e todos en funcionamento. Fíxose un esforzo e deuse resposta tamén as instalacións en ximnasia, ao reforzo en educación con necesidades especiais, ao colexio Altamar totalmente esquecido por este Concello e polo tanto en materia de infraestruturas e xestión educativa nada que reclamar, mellor dito que sigan nesta senda, vostede xa di, o Sr. Feijóo anuncia que van mellorar as cousas pois vai investir agora aínda máis cartos e, como saberá moi ben vostede se acaba de anunciar a ampliación do IES de Teis que tamén fixo referencia, orzamento de 1.700.000 euros e ademais tamén o colexio de Navia do que tivemos a ocasión de falar ao principio deste Pleno. Entón neste caso que tamén son máis de 500.000 euros en Teis, en Navia, adecuacións e actuacións nas instalacións das que vostedes fala obsoletas, moitas delas xa adecuadas e as instalacións modernizadas e adaptadas xa ás necesidades dos alumnos.

Entón neste caso as mocións valeiras de contido porque son moi xeneralizadas, so para criticar, nós temos aquí o cadro de datos, insisto, son 15 millóns de euros, están aínda en previsión, acaba de vir hai unha semana o conselleiro a anunciar a ampliación do IES de Teis, de Navia aos comedores, ás calefaccións, adaptación aos ximnasios, é dicir, tódalas intervencións que hai que facer na Xunta de Galicia, non damos abasto, se é verdade e que digo aquí son dende o ano 2012, aínda teño outro cadro de obras. Eu creo que perdemos o tempo e perden o tempo porque xa se coñece e neste Pleno de Vigo poderíamos debater outros temas tamén interesantes nos que vostedes propoñan e fagan propostas concretas porque o tema é criticar, é dicir, eu non vexo aquí acometer as obras de investimento imprescindibles nas obsoletas instalacións educativas, e cales son? Nós imos votar a favor porque xa se está a facer, nós non nos imos a negar que se fagan obras nos colexios e que se adapten os colexios ás necesidade pero por suposto, gustaríame e gústame que presenten a moción para lembrar como se fixeron moitas obras tamén, insisto, no Frián Teis case máis de 200.000 euros, tamén no Seis de Nadal, no Saladino Cortizo, no Virxe do Rocío, son 15 páxinas que voullas pasar tanto destas como dos pequenos investimentos e como a adaptación dos comedores que é o que vostede presenta nesta moción.

Despois invítolle a facer unha ronda polos colexios para coñecelo porque escribir esta moción sen saír do seu, entón facémola xuntas, se quere eu voulle ensinando punto a punto onde se fixeron as actuacións e os investimentos. Teño aquí Frián Teis, cambio de carpintería exterior, certificación final de carpintería exterior, substitución de carpintería, calefaccións, do Frián Teis teño todo aquí, ademais o presuposto totalmente graduado se vostede quere saber exactamente onde se investiron os cartos, e 118.000 millóns de euros que me parecen estupendo, que anunciara o Sr. Feijóo para os próximos catro anos.

SRA. ALONSO SUÁREZ: Sra. concelleira, eu non teño aquí o cadro de obras que fai este concello, o que teño é xente traballando nos colexios, xente facendo obras nos colexios, e o que teño é nenos/as que están a gozar deses arranxos que fai o Concello, teño nenos/as que saen ao recreo cando chove a unha pista cuberta que non podían saír antes, teño nenos/as que poden comer, non en tres quendas no comedor, senón en dous, pero non o teño eu, temos este goberno porque está

implicado este goberno.

Pero ademais voulle a dicir porque ademais como é moi persoal ao saír o meu colexio todo o tempo, voulle dicir, o meu colexio tivo un cambio de fiestras hai oito ou nove anos, é verdade, imprescindible porque pasar frío nuns centros públicos é un pouco complicado, pero o meu centro tivo un compromiso con esta directora que tamén é concelleira, dos cambios de teito co anterior conselleiro, e non se cambiou nada, non se fixo nada, o meu colexio ten máis da media de 140 comensais diarios e temos dúas quendas de comedor e pedimos a posibilidade de poñer o comedor na casa-vivenda do conserxe e non só non nos fixeron a obra e que nos denegaron ata o permiso para poder facelo, logo deron para atrás e grazias ao Concello a estamos a facer.

Eu dígolle que despois de falar de todo isto, isto aínda pode ir a peor porque se facemos caso do Presidente en funcións o Sr. Rajoy, nun documento remitido á Unión Europea, Programa de estabilidade 2015-2018, aí se fala de que o Partido Popular se compromete a reducir o gasto público en Educación ata chegar ao 3,7% do PIB no ano 2018, se consideramos que España chegou en tempos do Sr. Zapatero a investir en Educación o 5% do PIB, estamos a falar dun recorte global de preto de máis de 13.000.000 euros no noso sistema educativo, ou o que é o mesmo, volver a cifras de 1990, hai máis de 25 anos.

Este Concello co seu Alcalde á cabeza se implica e se implicará sempre, en lograr o que vostedes non se dan conta, unha educación pública de calidade, e polo tanto, unhas instalacións educativas axeitadas pero ademais esta cidade, este país, precisa un goberno en Galicia que garante un funcionamento económico acorde ás necesidades e demandas educativas actuais, porque é o principal medio para garantir o futuro da poboación, ese futuro no que vostedes non nos dan as mesmas forzas de equidade, temos que garantir o sistema educativo.

**VOTACIÓN:** Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

**ACORDO:**

Aprobar a Moción presentada, en data 20.04.2016 (Rex. Nº 1364/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**5.5(67).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A APROBACIÓN DUNHA LEI DE FINANCIAMENTO DO SISTEMA PÚBLICO DE TRANSPORTE EN GALICIA QUE GARANTA O DEREITO Á MOBILIDADE DE TÓDOLOS CIDADÁNS. REXISTRO PLENO 1368/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de abril de 2016, número 1368/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O desenvolvemento socio-económico a partir do S. XX xerou grandes necesidades de desprazamento polo que naceu a cultura do automóbil. Os efectos do uso masivo do vehículo privado provocaron un aumento na congestión do tráfico nas cidades, e moitas cidades con un modelo urbanístico decimonónico non están preparadas, en xeral, para soportar esta situación, o que provoca que o abuso do transporte privado en Europa se teña feito insostible. Máis do 50% dos desprazamentos que se realizan en coche non alcanzan os 5 km de distancia, o 30% non alcanzan os 3 km e o promedio de ocupantes por vehículo é inferior a 1,5.

Ademais este abuso da utilización do automóbil provoca graves perxucios o medio ambiente. Soamente en España se emiten ao ano máis de 370 toneladas de gases de efecto invernadero, e delas un 32% son consecuencia directa do vehículo privado. Hai que ter en conta que un só autobús pode substituír a entre catorce e trinta vehículos. Se soamente o 10% dos usuarios do automóbil privado utilizasen o transporte público: aforraríanse 770 millóns de litros de combustible en España, e se evitaría a emisión de 4 millóns de toneladas de dióxido de carbono ao ano, ademais de supoñer un importante aforro para as familias que adican unha parte importante do seu presuposto a utilización do automóbil.

Para poder levar a cabo un verdadeiro plan para o fomento do transporte público e necesario ter en conta varias cuestións fundamentais:

-Infraestruturas: viales radiales e circulares, carrís bus, intercambiadores,

prioridade semafórica e coordinación entre medios.

-Novas tecnoloxías: información ao usuario en tempo real, vehículos de última xeración respectuosos co medio ambiente.

-Plan de mobilidade

Pero todo isto non e posible se non existe una financiación suficiente para abordar un transporte de calidade que sexa realmente atractivo e supoña unha verdadeira alternativa ao vehículo privado. Os ingresos procedentes exclusivamente da recadación tarifaria téñense mostrado insuficientes para impulsar e fomentar un transporte público que responda as necesidades actuais dos cidadáns, e por isto requiren dunha financiación adecuado por parte das administracións. Neste senso o Concello de Vigo amosou nestes últimos anos unha clara vocación de apoio ao transporte público adicando unha parte moi importante do seu orzamento a este concepto.

No caso de Galicia téñense posto de manifesto que os criterios para aplicar esta financiación por parte da administración autonómica non se basean en criterios obxectivos das necesidades dos cidadáns nin a criterios de proporcionalidade demográfica ou de relevancia na economía de cada territorio, senón que atenden a criterios meramente partidistas. Como exemplo duna nova discriminación con Vigo este pleno xa aprobou unha moción instando a xunta a aprobación dun convenio de colaboración para a mellora do servizo de transporte público ao aeroporto de Vigo, sen que ata a data se recibise resposta por parte da Xunta de Galicia.

Por todo isto consideramos indispensable a aprobación dunha lei integral do sistema de transporte público en Galicia similar a lei 21/2015 aprobada polo parlamento de Cataluña que atenda de forma clara e satisfactoria a xusta demanda social de un transporte público e asequible a todos sexa a situación económica, social o laboral de cada persoa, viva donde viva e en todos os territorios.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

#### ACORDO

Instar a Xunta de Galicia a aprobación dunha lei de financiación do sistema público de transporte en Galicia que garantice o dereito a mobilidade de todos os cidadáns a partir dunha financiación suficiente e solidaria, en base a criterios reais de proporcionalidade demográfica e de demanda de servizo.”

DEBATE:

SR. REGADES FERNÁNDEZ: O uso de automóbil privado nas cidade e por



transferencia nas áreas metropolitanas, como é o caso de Vigo, provoca grandes prexuízos medioambientais, España emite 370 toneladas de gases efecto invernadoiro, destes o 32% fano o transporte en vehículo privado e son consecuencia directa do desprazamento das persoas en vehículo privado. Se o 10% dos usuarios dos automóbiles privados se pasasen ao transporte público aforraríamos 770 billóns de litros de combustible, catro millóns de toneladas de dióxido de carbono ao ano, para acadar isto temos que facer unha aposta seria e decidida polas infraestruturas, polas novas tecnoloxías, polo Plan de Mobilidade pero sobre todo temos que legislar na autonomía e no Estado, temos que facer leis de carácter autonómico e estatais que levamos dende o Partido Socialista demandando, reclamando dende hai moito anos. Esta área de máis de 30 concellos de transporte é unha das prioridades que se marcou e marcaron tódolos Alcaldes xuntanza, tras xuntanza, unha Lei de transporte que ten a obriga de financiar esta área de Vigo máis 30. cando falamos de transporte non só falamos do transporte en autobús, falamos de que esta lei ten que incluír autopistas, ferrocarrís e autobuses, víamos como estes días os encontros que tiña o Alcalde co Alcalde de Pontevedra, co Alcalde de Vilagarcía, ou dous chegaban á mesma conclusión o transporte é fundamental, é unha das ferramentas de unión entre o territorio nestes momentos, unha das autoestradas máis caras que hai en España é a autoestrada Vigo-Pontevedra, iso non o podemos permitir para dinamizar un territorio.

Como vostedes saben a autopista dende Redondela a Vigo é o tramo de autoestrada por metro cadrado máis caro da península ibérica, só superado polo túnel de Guadarrama, isto non é serio, isto no é crer nun territorio, isto non é crer en dinamizar a economía dun país como o galego, nin nunha provincia como é Pontevedra, nin nunha área de 30 concellos como é a Área Metropolitana de Vigo. Por iso reclamamos unha lei autonómica e tamén unha lei estatal que apoie polo transporte público.

Falábamos de que máis do 50% dos desprazamentos que se fan en coche non alcanzan os 5 quilómetros, desta distancia o 30% non alcanzan os tres quilómetros e o promedio por ocupantes de vehículo é de 1,5 pasaxeiros por vehículo.

Reclamamos a nivel estatal unha lei de financiamento de transporte público, algo que leva reclamando o Partido Socialista dende hai moitos anos, e é

completamente necesaria para garantir o transporte público ferroviario e en autobús.

Mentres vemos como a Comunidade de Madrid achega fondos ao transporte público coa seguinte relación, o Estado achega o 6,4%, a Comunidade de Madrid 37,22%, o Concello de Madrid o 5,39%, o resto das corporacións da área o 0,53%, a recadación dos usuarios o 50,46%, a Lei catalana tamén apostando polo transporte tendo uns eixos, un o de equilibrar as necesidades do transporte público e outra a de financiamento dun sistema producido para os cidadáns de máis de 67 millóns de euros, vemos como sufrimos o estar gobernado polo Partido Popular en Galicia e vemos como en Galicia as cantidades aportadas ao transporte público non superan o 30%.

Por todo isto consideramos indispensables a aprobación dunha lei integral do sistema de transporte público en Galicia similar á lei catalana, a 21/2015, aprobada polo Parlamento de Cataluña que atende de forma clara e satisfactoria a xusta demanda social dun transporte público e asequible a tódolos cidadáns. Un transporte que atenda á economía, que atenda a parte social, que atenda aos traballadores/as, que atenda ás persoas, vivan onde vivan, sobre todo nunha área tan importante como a área de Vigo.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estamos de acordo con algunhas formulacións que se fan na moción, imos votar a favor precisamente porque a principal que é a lei de financiamento, unha lei de financiamento de transporte público estamos de acordo, si que é certo que queremos introducir algunha dúbidas sobre algunhas cuestións que se introducen no texto da moción e que para nós tamén se retratan coa intervención do concelleiro. En primeiro lugar a cuestión de Madrid, se queremos sistemas de financiamento público como figuran no transporte colectivo de Madrid 2019, este concello ten unha oportunidade de ouro que sería crear unha empresa pública de transporte e evitar que VITRASA sega en mans privadas e neste caso unha empresa mexicana e anteriormente un fondo de investimentos. Polo tanto, con fórmulas de remunicipalización de transporte público quitando ese beneficio privado cada vez máis incrementado por parte da conta de resultados do que declara incluso en México e aquí o Grupo Avanza, conseguiremos avanzar máis.

Nós estamos de acordo coa Lei de financiamento do transporte público, pero ollo esta lei introduce unha serie de debates que tamén teremos que estar de acordo en dalos publicamente, a lei de financiamento catalana que si que é certo que nace co consenso de tódolos grupos do Parlament de Catalunya, ten o inconveniente de cando os grupos se sentan a decidir cales son as fórmulas de financiamento que algunhas xa se avanza na lei, non hai acordo, e produce de feito, un dos primeiros desencontros entre o goberno de Junts Pel Si e as CUP precisamente porque aquí, na lei de Catalunya,ponse enriba da mesa que parte dese financiamento sexa por exemplo a través dun imposto ás grandes superficies, a través de recargos no Imposto de Bens Inmóbiles e se reparte a carga de financiar o sistema de transporte a través das administracións públicas, non é que pague a administración autonómica, o que se di é que a caixa común, que o fondo de financiamento do transporte público de Catalunya se financie con tódalas administracións creando incluso novos impostos como digo incluso algúns que se propuxo no seu momento sobre o imposto de actividades económicas, recargos doutro tipo.

Polo tanto, se hai consenso, estamos de acordo en que o transporte público de Galicia se financie poñendo impostos medio ambientais, poñendo incluso impostos ás vías de alta capacidade, poñendo impostos e recargos dentro dalgún tributo local, nós estamos de acordo, en todo caso algún dos promotores da lei no Parlamento de Catalunya despois cando se tivo que concretar ese financiamento votaron cara atrás.

E logo a cuestión do financiamento implica que nós imos poñer nunha caixa común e que imos poñer sistemas de bonificacións, non é certo como di esta moción que nós esteamos financiando o transporte público de Vigo, o que estamos a facer é bonificar o transporte público de Vigo porque aínda que non o pague o cidadán o acabamos pagando neste caso a administración local. Aquí do que se trata é de financiar con fondos, a través de acordos entre as administracións e da unificación, todo o territorio catalán e territorio tarifario unificado, vostedes mesmos propoñían que o transporte urbano de Vigo quede fora da Lei da Área Metropolitana en canto ao sistema tarifario, polo tanto, aí se que habería unha descompensación con respecto ao que ten que ser unha lei integral que aplica a todo o ámbito neste caso de Galicia. Nós estamos de acordo que iso hai que facelo, tamén estamos de

acordo que teremos que ir avanzando en fórmulas de remunicipalización de determinados servizos porque o gran problema e a vostedes seguramente lles parecerá secundario porque parece que o principal debate da Área Metropolitana é precisamente a cuestión dos equilibrios de poder ou a presidencia e que nós temos que integrar ou por agora propónse integrar doce concesionarias privadas algunha delas con prácticas bastante perigosas en canto a políticas laborais e políticas de prezo, e iso significa que imos deixar incluso que o sistema público de transporte por estrada sega máis de doce empresas privadas que imos ter que harmonizalas a través do sistema da tarifa.

En segundo lugar, na Lei de Área Metropolitana que está enriba da mesa ou polo menos nos avances non se cita nin unha coma ao transporte ferroviario, as opcións que ten o sur de Galicia co transporte ferroviario, o que sistematicamente están reclamando por exemplo, sindicatos ferroviarios da conectividade dun sistema de proximidades que incluso poida chegar ata o hospital de Vigo, que poida comunicar con todo o que sería o eixe sur ferroviario de Galicia, que como saben vostedes o investimento do AVE está sendo incompatible con desenvolver ese ferrocarril de proximidades na maior parte dos sitios, entón nós estamos de acordo pero que se asuman tamén tódalas consecuencias que supón unha lei integral, porque logo non se pode buscar a excepcionalidade do transporte de Vigo que por certo está subvencionado polo Estado por ser máis de 50.000 habitantes é unha subvención bastante importante, pero quero dicir que non sería que non exista subvención Estatal porque hai un millón de euros que recibimos neste concello.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Regades, lamentable e vergoñenta a súa intervención porque hai que ter moi pouca vergoña para vir aquí a falar de transporte cando vostedes están boicoteando a principal aposta da Xunta de Galicia polo transporte e a mobilidade en Galicia que é o Plan de Transporte Metropolitano. Así que para falar de transporte primeiro se adhiren ao transporte metropolitano e logo falamos, ou senón ao mellor queren que falemos de Vitrasa, porque podemos falar do transporte na cidade, de por que castiga ás parroquias cunha moi mellorable estrutura de liñas e frecuencias en función de se vives na parroquia ou se vives no centro, ou da promesa electoral do Sr. Alcalde de frecuencias cada cinco

minutos no centro e quince minutos nas parroquias ou da promesa do Sr. Alcalde daquelas lanzadeiras fenomenais ao Aeroporto e agora lle pide papas á Xunta de Galicia para que as pague, ou de por que pagamos o billete máis caro de Galicia, por que pagamos 1,32 euros por viaxe cando en A Coruña é 1,30 euros, ou por que lles quitou a posibilidade de adquirir o bono, a tarxeta verde a tódolos cidadáns do gran Vigo metropolitano que agora tanto se lle enche a boca de defender, por que lle quitou o billete ao gran Vigo metropolitano, por que lle pagamos 700.000 euros a Volotea, 3.500.000 euros a Air Nostrum, 5 millóns a Ryanair, 700.000 a Volotea e 3.500.000 para que que viaxen os de Vigo, os Galicia, os de Portugal e calquera e en cambio lle quitamos o bono a tódolos usuarios da Área Metropolitana de Vigo, ou de por que se quere falamos de onde está aquel autobús eléctrico que ía por todo o Casco Vello e que nos custou 500.000 de vellón e que non se sabe xa nin onde está, ou daquelas bicicletas eléctricas que había que pagar un euro que o noso excompañeiro o Sr. Santiago Domínguez, en coalición co seu partido comprou bicicletas para andar polo cidade, lémbrese? Ou de por que non se negocia un convenio mellor con Vitrasa porque o actual penaliza ao Concello ao ter que pagar á concesionaria en función do número de viaxeiros, cantos máis viaxeiros vaian máis caro nos sae os cartos de Vitrasa, porque ven aquí a propoñer unha lei como a que se aprobou no Parlamento de Cataluña e xa di o noso compañeiro de Marea de Vigo, Sr. Pérez, que non sei se a leu vostede nos seus viaxes a Andalucía, se lle da tempo a ler algo no coche. Non sei se a leu vostede, esa lei ten 26 artigos, ademais do que di que aposta denodadamente polo transporte público e sobre todo polo transporte metropolitano, artigos 5 e 16, xa lle digo os artigos para que non a lea enteira, fala tamén, xa se sabe que “a pela é a pela”, do financiamento do transporte metropolitano, e fala dunha fiscalidade específica para o financiamento do sistema, fala no artigo 18 de introducir novos impostos ou recargos no IBI e no IAE, é o que vostede quere para Vigo e para Galicia? Introducir novos recargo no IBI e no IAE para pagar ese novo sistema de financiamento? Iso é o que quere? Pois nós non queremos, nós dende o Partido Popular e dende a Xunta de Galicia, sen subir os impostos e con esas contas tan saneadas conseguimos poñer en marcha o Plan de Transporte Metropolitano. Sabe vostede que a Xunta de Galicia dálle sete millóns de euros a través do Fondo de Cooperación Local ao Concello de Vigo que non sabemos en que os gasta, ou en que non os gasta,

porque así aforra e así ten ese superávit fabuloso, non sei de que nos vale ter esas contas saneadas se total ao final os usuarios teñen que pagar polos transbordos porque vostedes néganse a asumir o Plan de Transporte Metropolitano.

Ademais dunha partida de 1,2 millóns de euros que o Goberno de España directamente subvenciona ao transporte público de Vigo, como veñen nas contas municipais.

Por moito que queiran manipular e enredar a realidade é que só se o Alcalde ao final decide e cumpre o seu compromiso asinado de adherirse ao Plan de Transporte Metropolitano, o transporte na cidade de Vigo mellorará senón non haberá remedio que valga.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Señores do Partido Popular, eu a verdade enténdoo Sr. Fidalgo, nestes momentos vostede está preocupado porque se repitan as eleccións, quere facer méritos para ver se repite como Senador, entón ven aquí e empeza unha intervención descualificando practica que en vostede é habitual. Pero descualificando non se fai política, dicindo que as cousas son lamentables e vergoñentas non se fan políticas, faise construindo, achegando, eu xa llo dixen en varias ocasións pero vexo que non lle serve de moito, isto de que temos que crer na política das ideas non na política das batallas, pero vostede segue nas batallas e non lle importa mentir e descualificar con tal de permanecer en política, eu non, eu teño vocación eu xa fun representante estudantil porque creo na política e seguirei crendo na política, vostede cree noutra cousa.

Queren facer méritos para repetir pero non pasa nada, a España do Sr. Zapateiro achegaba ao Concello de Vigo 4 millóns de euros para o transporte público, vostedes, o Partido Popular, achega 1 millóns de euros, se iso é crer no transporte público eu creo que iso non é crer no transporte público, o Alcalde da Cidade de Vigo, o Sr. Caballero, xa lle dixo a tódolos alcaldes da Área que vai entrar no transporte metropolitano, vostede está no non, nós estamos no si, nós nos reuniremos con tódolos alcaldes e acordarémolo con eles, como ten que ser, como é a democracia, a que vota aos alcaldes, neste caso de forma maioritaria, con 17 concelleiros, pois eses alcaldes elixidos en tódolos pobos serán os que acordarán coa cidade de Vigo como é o transporte metropolitano ao que este Alcalde comprometeuse, dende a democracia, lealdade.

Vostede dicía, por dicir un apunte, que no centro os autobuses, o Alcalde comprometérase a que pasarían cada 5 minutos, pasan cada tres Sr. Fidalgo, é que non estuda os temas, e no rural e nas parroquias vostede falaba que cada hora, pasan en tódalas parroquias e en cada un dos puntos como máximo cada media hora, vostedes non se decata. Pagan 1,37 euros, quen paga 1,37 euros, Sr. Fidalgo? Os vigueses non. A verdade que isto é como a barra de pan, os do Partido Popular non saben nin canto vale o pan, nin o viño, nin o café, non sabe nada de nada.

Falando de autobuses e de transporte público vostedes nos falaban de aeroportos, non me estraña que vostede se preocupara pola alza do Aeroporto de Vigo, o Aeroporto de Vigo creceu máis que o de Santiago de Compostela e o de A Coruña nos últimos meses e vai seguir crescendo, pero a un deputado, senador, concelleiro do Concello de Vigo lle molesta iso? A verdade Sr. Fidalgo, vostede debería de presentarse de candidato ao Senado pola provincia de A Coruña porque defende mellor os intereses de A Coruña que os intereses de Pontevedra e de Vigo.

**VOTACIÓN:** Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

**ACORDO:**

Aprobar a Moción presentada, en data 21.04.2016 (Rex. Nº 1368/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

## **6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URXENTES.**

Non houbo.

### **PARTE DE CONTROL**

#### **1(68).- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.**

Non houbo

#### **1.1(69).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 22 de marzo de 2016 ao 21 de abril de 2016.

#### **1.2(70).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 22 de marzo de 2016 ao 21 de abril de 2016.

## **2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO**



## **REGULAMENTO DO PLENO.**

Non houbo.

## **3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.**

Non se realizaron.

## **4.- MOCIÓNS.**

### **4.1(71).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO PLENO MUNICIPAL DEIXAR SEN VALIDEZ O CONTRATO DE ARRENDAMENTO COA CONCESIONARIA AUDITORIO MAR DE VIGO E PROPOÑERLLE Á XUNTA DE GALICIA A INSTALACIÓN DA UNIVERSIDADE A DISTANCIA NUN DOS EDIFICIOS DOS XULGADOS. REXISTRO PLENO 1365/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de abril de 2016, número 1365/1101, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Egerique Mosqura, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

"A Deputación de Pontevedra ven de acordar nun convenio co Concello de Vigo a aportación de 800.000 euros para realizar obras no Auditorio Mar de Vigo con motivo do traslado da Aula da UNED a ese espazo.

O apoio á UNED por parte deste grupo é indiscutible pero non ás formas nin o custo que o Goberno Municipal e a Deputación están a empregar para tal fin.

Nun primeiro momento outorgouse un alugueiro por valor de de 13 millóns de € á propia adxudicataria do Mar de Vigo sen concurso público e agora faise unha achega por parte da Deputación de Pontevedra cando o traslado da UNED se podería prantexar con garantías e de balde.

Isto suporía un aforro do 13 millóns de euros ás arcas públicas municipais e a posibilidade de investir os cartos da Deputación noutros asuntos necesarios tamén na cidade.

Facemos a seguinte proposta ao Pleno da corporación municipal.

#### ACORDO

Instar ao Goberno Municipal a propoñerlle á Xunta de Galicia o uso dun dos edificios dos actuais xulgados de Vigo, na rúa Lalín, para a ubicación da Universidade a Distancia, UNED.”

#### DEBATE:

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Traemos hoxe unha moción a este Pleno que significa unha oportunidade de aforro e unha oportunidade para este goberno municipal e tamén para a Deputación de Pontevedra e sería levar adiante a proposta e poderíamos aforrar máis de 13 millóns de euros por parte das dúas administracións.

Presentamos unha opción de xestión intelixente, de optimización de recursos e outra vez máis a denuncia dunha xestión pésima complicada dun contrato de arrendamento que dende o noso punto de vista pola contía que representa ao ser outorgando sen un concurso público previo e moi cuestionable.

Lembremos que este Concello decidiu de xeito unilateral arrendarlle á propia concesionaria Mar de Vigo varias salas do Auditorio a 2.000 euros ao día para o uso da UNED, nós insistimos en que a UNED é un pretexto e hoxe podemos ver se é un pretexto ou non porque traemos aquí unha opción. Non satisfeitos con ese arrendamento e ter esa deferencia coa concesionaria deciden levar a cabo unhas obras propias dun palacio, con cartos da Deputación de Pontevedra, 800.000 euros, nin máis nin menos, xusto o que fai falla para dotar as instalacións, acústicas do Auditorio, pura casualidade, pois eses 800.000 euros poderán aforralos e incluso investilos quizais nunhas escolas ou colexios públicos da provincia de Pontevedra que non estaría mal como dixo ela.

Volvendo ao tema insistimos en que a UNED é un pretexto, hoxe podemos comprobalo porque nós traemos unha proposta sinxela, cómoda, realista e unha proposta atractiva para a Universidade a distancia que sería a de situala nun dos edificios do xulgado da rúa Lalín que vai pasar á próxima á Cidade da Xustiza que será no Hospital Xeral como ben saben.

Polo tanto con esta solución debería quedar anulado o contrato de arrendamento entre o Concello e a concesionaria, xa presentamos unha moción no seu día a votárona abaixo, hoxe poderán ter outra oportunidade para aprobala e ademais traemos proposta, o Sr. Regades falaba aquí de construír, achegar e de ir para adiante, isto é un magnífico exemplo diso porque nós achegamos, imos facer incluso tamén un plan para o Auditorio porque o que dicimos é que o Auditorio Mar de Vigo non pode seguir sendo un pozo sen fondo, un recinto cultural ao que lle inxectan cartos públicos sen ningún tipo de retorno, onde está o proxecto cultural, as actividades, o calendario de Congresos, agarden porque aquí hai que traballar entón cando hai que pensar o que facer, facer rendible algún edificio, falar con outro tipo de servizos, con outro tipo de empresas pois é difícil e vostedes non saen de aí.

Nós imos trazar unha folla de ruta, incluso podemos achegar non só a solución do traslado da UNED senón tamén podemos achegar un plan que pode ser viable para ese edificio, un plan que pode ter retorno, que pode ser rendible tamén para a cidade de Vigo e nós cremos ademais que esta é unha oportunidade porque é de balde, polo tanto, comecen xa aceptar esta moción, aforraremos eses cartos para investir en moitos temas que tamén son de primeira necesidade e ademais dino vostedes non o dicimos nós, eu xa non tiña neste argumentario o que a propia Presidenta da Deputación de Pontevedra di, vaise investir 800.000 euros en obras nese Auditorio que é practicamente novo, para habilitar a UNED e van meterse case outro millón de euros, poderíase investir noutro tipo de instalacións máis necesarias.

Entón hoxe vimos cunha proposta, co interese de que anule e de que quede en total nulidade ese contrato de arrendamento para a concesionaria, pero tamén vimos cunha proposta para instalar á propia UNED, xa noutra ocasión xa dixemos que hai posibilidade, que incluso podería estudarse a posibilidade de que no antigo edificio do Reitorado podería tamén habilitarse algunha aula, e polo tipo de universidade que é, polas materias que se imparten podería crecer na rúa Lalín, nós cremos ademais que é un sitio axeitado porque tamén é conveniente para os comerciantes e hostaleiros da zona que cren que coa marcha do xulgados pois podería quedar esa zona morta, esta xa é unha proposta, é unha parte, nós queremos que este Concello a través da aprobación neste Pleno municipal faga

esa petición á Xunta de Galicia e que isto sexa un aforro para as arcas municipais e non compromete para 20 anos con eses 13 millóns de euros, un aluguer de 2.000 euros ao día parécenos totalmente fora de lugar, e ademais cremos que a Deputación tampouco debería investir ese millón de euros niso porque non é necesario.

SR. PÉREZ CORREA: Nós cremos que xa é hora de clarear que é o Auditorio Mar de Vigo, que é ese edificio, como se xestou, en que mente calenturienta xestouse ao final ese edificio e porque estamos soterrando “sine die” bastantes, agora xa millóns de euros, non sabemos moi ben por que e foi na anterior lexislatura onde aquí se abriu unha comisión de investigación parece ser, das que se negan agora, na que a concesionaria dicía que ía deixar caer unhas das partes que concesionaba que era o recinto hostaleiro.

Nós queremos saber que está a pasar aquí, e non seguramente polas acusacións que se poidan cruzar nas redes ou nos foros fora deste órgano, nós queremos que se abra xa e fiscalizar que pasa con esta concesión, dende a modificación inicial do proxecto, que para nós tería que ser nesa altura quitada a concurso, senón tamén polo que estamos a soterrar de recursos públicos non sabemos moi ben por que, debemos ter moitas precaucións pero tamén temos moitas dúbidas. Imos a alugar un edificio supostamente promovido con recursos públicos e imos alugar e pagando nós un importe que vai roldar os 13 millóns de euros porque por riba facémolo durante “x” anos para garantir que durante moitas anualidades esteamos a poñer 618.000 euros para alugar un local, pois entón nós dicimos que se faga un concurso público, que calquera persoa que teña un espazo que recoñeza características para o uso público, que poida participar abertamente, pero por que imos inxectar directamente a unha concesionaria privada eses recursos, suponse que é un edificio público, que se nos faga unha cesión gratuíta.

Nós non entendemos o que está a pasar aquí, e polo tanto, volvemos e reiteramos que estas cousas se solventan en comisións de investigacións, clarificadoras dos recursos, cada vez que a UTE da un golpe na mesa, nos quitamos de chequera e nos poñemos nerviosos, non sabemos por que, e aí vai a chequera. Isto é para nós un escándalo e dende logo pódese xustificar que pode ser unha cousa importante para Vigo e para a UNED, que pode ser un refuxio de gatos que a todos nos da

mágoa, 600.000 euros que imos pagar para un edificio que supostamente é público. Nós xa dicimos rescatemos xa a concesión, penalizada ademais por incumprimento sistemático de contrato, por enriba cando nos cuestionamos porque se lle da medio millón de euros á suposta empresa e que se chama “ideas de éxito”, nós dicimos hai que facer un convenio con esta empresa para a promoción cultural, porque esta empresa como ten suscrito un acordo coa UTE concesionaria pois entón o convenio ten que ser directamente, medio millón de euros para promoción cultural, iso ten que ter un concurso público non vale un convenio, é medio millón de euros para a promoción cultural e enriba imos destruindo tecido cultural desta cidade para trasladalo alí curiosamente para que se promocióne a través desta empresa, estou a citar todo o proxecto que había de “Subir ao Castro” que de repente ou todo o proxecto xuvenil que teña que ver con dinamización de actividades xuvenís se focaliza alí, isto para nós hai que abrilo xa, hai que abrir este melón e se hai responsabilidades política hainas e se o Concello ten que asumir responsabilidades económicas que as asuma porque o mal xa o temos feito, ao final dicimos “non podemos rescatar a concesión porque sería pagos multimillonarios”, pero xa os imos facer con este formato.

Logo poñemos un dúbida que a función da Deputación de Pontevedra sexa a financiar isto nunha cidade grande, a función da Deputación é outra, xa sei que historicamente xogamos o truco de que a Deputación foi moi mala con Vigo e polo tanto a Deputación ten que financiar estes importes nun edificio que vai ser sede dunha Universidade a distancia.

Nós temos dúbidas diso, tamén pediremos que se fiscalice por parte da Deputación e nós estaríamos de acordo en que se necesitamos o espazo busquemos alternativas, efectivamente poden ser alternativas de edificios públicos, cedidos polas outras administracións pero nós imos absternos porque queremos coñecer o proxecto final, suposto proxecto de encaixe que vai ser no antigo Hospital Xeral da nova Cidade da Xustiza, porque se hai un uso do anexo I e do II o compromiso deste partido, como me consta que tamén era o compromiso do Partido Socialista na Plataforma da defensa da sanidade pública e que nós estaríamos de acordo en que se utilicen os dous anexos do Hospital Xeral para ese edificio, por iso nós non descartamos aínda que a Cidade da Xustiza finalmente se se quere utilizar os dous anexos que figuran no Hospital Xeral, que a cidade da

Xustiza teña aínda encaixe na rúa Lalín.

SRA. ALONSO SUÁREZ: Sra. Muñoz, eu creo que tamén esta película xa a mirei, non é por nada, pero me gusta esta moción, primeiro o Partido Popular falando da UNED de Vigo, pois voulle lembrar e creo que xa llo dixen hai algún tempo, os seus compañeiros de partido que por certo, a maioría deles xa non están nesta Corporación, alégrome moito que se preocupen pola UNED de Vigo porque se é por vostedes os do Partido Popular non hai UNED na nosa cidade, lémbrolle que en setembro do 2010 o voceiro do seu partido en Pontevedra dicía que ía facer todo o que estivera nas súas mans para que a UNED non viñera para Vigo, e o Sr. Louzán, Presidente da Xunta Reitora do Padroado, defendía como causa nobre para Pontevedra que Vigo no tivera UNED e, a pesares do boicot do Partido Popular, a UNED está na nosa cidade, con curso de acceso, con cinco graos e estará con oito graos máis e con tódolos que sexan precisos para dar resposta aos estudantes que antes tiñan que desprazarse a Pontevedra para poder ter esta formación universitaria.

Pero tamén me gusta esta moción porque falan vostedes de que a Deputación invista na cidade, moi ben, agora si e antes non, agora lle piden que invista e lle din onde ten que investir, pois gracias ao cambio na presidencia na Deputación de Pontevedra, gracias a que está presidida por unha muller de gran valía, unha muller progresista e viguesa, por fin, a Deputación investirá en Vigo.

Como se vai facer no resto das cidades e dos pobos da provincia de Pontevedra, porque se cambiou a forma de facer as cousas.

Por certo Sr. Correa, cantos cartos lle dan os alcaldes de Mareas aos auditorios públicos alí onde gobernan?

Pero tamén me gusta esta moción e voulle comezar respondendo a unha das preguntas que facía vostede, lémbrolles que o 2 de maio de 2006 o Sr. Luis del Rivero en representación de Safir, o Sr. Julio Fernandez Gayoso por Caixanova e a entón Alcaldesa a Sra. Porro, asinaban o contrato do Auditorio, unha construción que duplicou o presuposto do proxecto de obra, e parécelles mal que lle demos utilidade? Ou pretende que sexa como o Gaiás.

Tamén me gusta esta moción porque a solución que vostedes propoñen cando será? Este curso, o que ven, dentro de catro anos, pois ó mellor dentro de 4 anos

xa non están vostedes aí e outros teñen que pedir estas cousas, porque mentres tanto lémbrolles tamén que nese espazo está pensando un gran salón de lectura de carácter público que polas súas prestacións, dimensións e características sexa un punto de referencia para que os aspirantes da cidade dispoñan dun gran espazo de estudo.

Catro anos é a duración de case tódolos graos actuais, ao mellor poden chegar a estudar o proxecto final de carreira pero tamén me gusta esta moción porque este goberno quere máis, é vontade que as instalacións para este servizo da UNED sexan o máis amplas, e este goberno co Alcalde á cabeza segue traballando por eses estudantes que se cuadruplicaron coa implantación dos cinco graos e que seguirán aumentando porque se está a traballar por Vigo, con Vigo e sempre pensando nos vigueses. E como se fixo? Pois como se ten que facer, ben, como se fan as cousas neste goberno, primeiro solicitamos da UNED as necesidades que xurdirán en anos vindeiros co desenvolvemento dos graos, necesidades tanto de superficie como de equipamento básico a máis, con esas superficies a as premisas de acadar un lugar céntrico e ben comunicado pedimos informe a Urbanismo do Concello para ver as condicións urbanísticas que se requirían e a Patrimonio para saber se existía algún local municipal que cumpra estas características e non o hai, por iso e tras un informe do secretario, búscase alugar un local e pídese un informe para ver como están os prezos do mercado na zona centro e a finais do pasado ano asínase un contrato de aluguer de tres plantas no auditorio Mar de Vigo. Neste Goberno só traballamos polos cidadáns de Vigo, con eles e por eles non as costas da cidadanía.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Vemos aquí un efecto serpe, de intentar escabullir o tema da moción porque a verdade que a UNED non é o tema, insisto, xa comecei dicíndoo porque intuía que por aí poderían ir os tiros.

Os temas importantes da moción son deixar sen actividade ningunha e anular o contrato de arrendamento e propoñer que a UNED poida trasladarse ao edificio, non contestou ao eses dous puntos. En todo caso un aluguer por tres anos e moi diferente a un aluguer por vinte que é o que pode faltar para que a UNED poida trasladarse.

Este si que é verdade que foi un parto complicado como dicía o Sr. Correa, nace

eses edificio con complicacións pero o seu traballo agora é intentar buscarlle unha utilidade, unha rendibilidade, falaba vostede do Gaiás, pasou o mesmo, naceu un neno que non hai máis que maltratalo e despois que é moi complicado quitar adiante, agora a min de memoria véñeme á cabeza que o Gaiás agora ten “anoiteceres no Gaiás” en concertos, ten programas de concertos, ten exposicións itinerantes, ten un centro de emprendemento, ten actividade diaria, ten oficinas da Xunta de Galicia, están intentando darlle actividade a ese, chamémoslle, neno que naceu. O Auditorio foi o mesmo porque eu non miro ao pasado eu vou vendo sempre ao futuro, entón o que non se pode facer é estar inxectando cartos públicos, insisto, 13 millóns de euros, 20 anos a propia concesionaria e aínda por enriba un millón de euros máis para facer obras nun edificio que non ten nin dez anos, un edificio que está novo, un millón de euros máis para adaptalo aínda por enriba, pois eses millón de euros para os novos edificios do Xulgado que son máis antigos, ademais os alumnos teñen moitos máis servizos ao redor, ao mellor tamén transporte e un sitio que está máis adaptado para que unha comunidade educativa da UNED, unha aula que poida ampliar, como di vostede, que estamos totalmente de acordo, os seus servizos e as súas ofertas, teña máis actividade que poida ser nesa zona máis que no auditorio Mar de Vigo.

Entón, busquen un proxecto, un plan cultural, fagan concurso público para ese aluguer, polo menos un concurso público se queren telo hipotecado ás arcas municipais, ao Concello para 20 anos é un concurso público tamén para actividade cultural porque non sabemos que hai aí, de vez en cando algunha actividade de presentación persoal, política ou de centros deportivos no “hall”, nin sequera no Auditorio, pero non ter un proxecto concreto, nós o que pedimos é iso, e queremos saber se vostedes van deixar ese contrato anulado, se van votar a favor e se van a intentar que ese edificio, esa aula vaia a eses edificios que xa están construídos que non requiren aluguer e que sería algo de balde para tódolos vigueses.

Entón isto é unha proposta non é unha crítica, hai que medrar, hai que facer cidade xuntos, e que é verdade o que di o Sr. Regades, construír, facer, achegar e que máis achega que esta non sei que achega queren.

VOTACIÓN: Con seis votos a favor membros do grupo municipal do Partido Popular



señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 20.04.2016 (Rex. Nº 1365/1101), pola concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Egerique Mosquera, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**4.2(72).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL DAR OS PASOS NECESARIOS PARA ADHERIRSE AO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS DA XUNTA DE GALICIA E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1366/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de abril de 2016, número 1366/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A Lei de vivenda de Galicia establece que as administracións públicas poderán adoptar medidas dirixidas a impulsar a posta no mercado de vivendas en aluguer de vivendas baleiras, co obxectivo prioritario de favorecer o acceso á vivenda a colectivos singulares, en particular aos colectivos sociais especialmente desfavorecidos, vulnerables ou en situación de exclusión social, mulleres vítimas de violencia de xénero, persoas maiores e persoas novas que pretendan acceder á vivenda por primeira vez.

O contexto de crise dos últimos anos motivou que moitas persoas se visen en risco de perder a súa vivenda habitual ante a imposibilidade de facer fronte ao pago das cotas hipotecarias ou das rendas de aluguer. De feito, a cidade de Vigo presenta o maior número de casos de persoas e familias necesitadas de axuda pola perda da súa vivenda habitual ante a imposibilidade de facer fronte ao pagamento da renda do aluguer. Sen ir máis lonxe, nestes momentos tres fogares vigueses deben afrontar nas próximas semanas xuízos que poden derivar na perda da súa vivenda.

Resulta lamentable que o Concello de Vigo, que tanto presume de política social e mesmo o alcalde chegou a dicir que o seu despacho era a oficina antideshaucios, se adique a culpar a outros sen asumir as súas responsabilidades, amosando unha total falla de humanidade coa situación que atravesan estas familias.

Ante esta situación, o Programa de Vivendas Baleiras que está a promover a Xunta de Galicia pretende mobilizar aquelas vivendas desocupadas existentes na nosa Comunidade, calquera que sexa o seu propietario, para destinalas a alugueiro social. Este Programa desenvólvese en colaboración cos concellos, que son os encargados de propoñer as vivendas que se poidan incorporar así como os adjudicatarios das mesmas, sempre respectando os requisitos establecidos.

Para a súa execución, a administración autonómica vén de autorizar un convenio coa Federación Galega de Municipios e Provincias polo que a FEGAMP difundirá entre os concellos a iniciativa, promovendo a incorporación á mesma. Ademais, a Xunta comprométese a proporcionar para as vivendas que se incorporen un seguro multirrisco do fogar e un seguro da garantía do cobro da renda.

Este programa configúrase, polo tanto, como un marco idóneo para a colaboración administrativa neste campo, facilitando ao Concello de Vigo a posibilidade de por á disposición vivendas e, en particular, como xa demandou este grupo municipal, 15 vivendas baleiras que posúe na rúa República Arxentina, así como calquera outra coa que poida contar.

Para isto, bastaría con asinar o correspondente acordo de adhesión.

Tendo en conta esta iniciativa e a implicación que un concello como o noso debe ter na protección do dereito constitucional a unha vivenda, o Grupo Municipal Popular propón a adopción do seguinte acordo plenario

ACORDO:

Instar ao Goberno municipal a:

1.- Dar os pasos necesarios para adherirse ao Programa de Vivendas Baleiras da Xunta de Galicia, para o cal asinará o acordo de adhesión previsto no convenio coa FEGAMP.

2.- O Concello propondrá á Xunta a inclusión no Programa das vivendas de

propiedade municipal que non se atopen ocupadas e que estean en condicións ser habitadas, como é o caso dos 15 inmobles dos que dispón na rúa República Argentina.

3.- O Concello xestionará a incorporación ao Programa de vivendas propiedade de terceiros que se atopen desocupadas e en condicións de ser habitadas.”

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade é que é bastante sangrante ter que debater esta moción despois de ter debatido unha moción na que vemos como o Concello vai malgastar 13 millóns de euros de cartos públicos ao longo de 20 anos cando hai tantas necesidades nesta cidade, cando hai tantas persoas que necesitan axuda e necesitan ao Concello porque non teñen cartos para dar de comer as súas familias e porque están en risco de perder as súas casas, están desesperados e atópase moitas portas pechadas, atopan a porta deste Concello pechada e a porta deste Alcalde de Vigo tamén pechada, despois de ter presumido que a súa oficina era a oficina anti desafiuzamentos da cidade e que el resolvería tódolos desafiuzamentos desta cidade e agora se adican a pelexar polas competencias, os cidadáns non queren que as administracións públicas se pelexen polas competencias, antes falábamos da Estación Intermodal, a vostedes lle gusta moito esa discusión, lles gusta moito estar nesta discusión permanente pero neste caso afecta as vidas de persoas en concreto e están vostedes xogando con esas persoas e con esas vidas.

Vou a lerlles unha carta que lle dirixiron a vostede Sr. Alcalde, que non sei se a leu ou os seus asesores ou secretarios a meteron nun caixón ou a tiraron directamente á papeleira, pero reflecta a situación de dúas persoas que están en risco de ser desafiuzadas nos próximos días e lle din concretamente “o pasado 17 de marzo abríusenos unha importante esperanza a unha posible e rápida solución”, escóiteos Sr. Alcalde porque lles gustaría falar neste Pleno e non lles deixa o Sr. Alcalde, isto é unha vergoña Sr. Alcalde, que haxa persoas en situación de necesidade e que vostede non só resolva esa necesidade senón que enriba presuma na televisión, exactamente o contrario ao que fai, lle din “o pasado 17 de marzo abríusenos unha esperanza importante, unha posible e rápida solución de

duras consecuencias ao escoitalo no informativo nocturno de Localia, as seguintes declaracións feitas por vostede Sr. Alcalde e que lle transcribimos textualmente, estamos colaborando de forma moi importante coa plataforma contra os desafuzamentos de tal modo que cando coñecen un caso o poñen en coñecemento e o estamos arranxando e como é normal temos recursos e se é preciso se dotarán máis para as medidas de emerxencia dos desafuzamentos que xurdan, ademais insisto, do cheque social” despois destas ilusionantes declaracións Sr. Alcalde,. comprobamos con moita tristeza que as solucións que vostede anuncia a través dos medios de comunicación non teñen nada que ver coa dura realidade, nada, Sr. Alcalde, mírelle vostedes aos ollos a estas familias e dígalles que non vai a axudalas como vostede se comprometeu, porque iso é o que vostedes teñen que facer, porque teñen 15 vivendas baleiras nesta cidade Sr. Alcalde, 15 vivendas baleiras para esas familias, que non queren vostedes utilizar para asignar ás persoas que o necesitan. Intégrense vostedes no Programa de Vivendas Baleiras e utilicen esas 15 vivendas que teñen baleiras mentres hai persoas que están a pasar necesidades, menos presumir do que non fan, menos quitar peito coa política social, menos mirarse ao embigo, menos autocompracencia e máis traballar polas persoas Sr. Alcalde, que vostede fala moito, os seus concelleiros falan moito pero non fan absolutamente nada, necesitan medidas concretas e necesitan que se cumpran os compromisos do seu Alcalde con esas persoas, non nos valen esas bases coas que queren limpar a faciana de axudas para as persoas de vivendas de aluguer, para comer porque teñen que elixir entre comer ou ter un teito debaixo das súas cabezas, esa é a realidade dos vigueses/as pasando necesidades e vostede mentres de xira por Galicia dándolle as costas a tódolos vigueses/as, arranxando os problemas políticos do seu partido e non arranxando os problemas que teñen os cidadáns, os vigueses/as. Cumpra cos cidadás, agréguese ao Programa de Vivendas Baleiras da Xunta de Galicia, poña a disposición as 15 vivendas baleiras que teñen na rúa República Argentina e faga unha vez por todas algo polos cidadáns e non por vostedes mesmos.

SR. PÉREZ CORREA: Nós imos facer un chamamento á cordura de tódalas administracións, do Concello de A Coruña, do Concello de Vigo, que se acaben xa

as declaracións sobre a posibilidade infinita de acabar cos desafuzamentos da cidade, cando non hai posibilidades e vou dicir por que, porque o drama que están a vivir miles de familias neste país ou hai acordo das administracións, de todas, efectivamente un concello non ten competencias en materia de vivendas pero si ten competencias en materia de axudas sociais, pero imos falar dunha situación concreta, cando hai unha situación deste tipo eu, ou polo menos o grupo da Marea de Vigo, entende que ten que haber proactividade e nos consta que estas familias meteron en datas con tempo correcto e en forma, varios escritos polo Rexistro do Concello, polo tanto, é un mínimo de decencia en respondelos e como isto imos vivilo sempre, porque imos estar co peloteo entre a administración da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, porque a Xunta de Galicia tamén se arroga de Programa como o de Realoxa que se supón que ía colocar a moitas familias que estaban nesta situación ao final, os datos de 2005, 43 persoas dende o inicio do mandato do Sr. Feijóo fronte a 18.000 lanzamentos que houbo en Galicia, polo tanto, nin Xunta de Galicia nin Concello de Vigo por si sós van ser capaces de solventar isto.

Pero si que hai unha cuestión que nós queremos poñer enriba da mesa, primeiro, hai concellos que sabendo da inoperancia das administracións autonómicas fixeron xa de maneira proactiva parques públicos de vivenda, nós non estamos de acordo co programa da Xunta de Galicia porque fomos á páxina web, vimos os procedementos administrativos, burocráticos de petición, que seguramente nunha situación como viven estas familias que ten que ser inmediata a resposta, non daría solución. Pero o concello de Burgos, este grupo municipal puxo sempre o exemplo do concello de Burgos, que creo que está gobernando polo Partido Socialista, colleu as vivendas, as poucas ou as moitas, que tiña de titularidade municipal integrounas na parque e pediulle ás entidades bancarias que lle cederan non a titularidade pero si o dereito de uso de varias vivendas, algunhas entidades bancarias dixeron que si, que o dereito de uso como foi o programa de vivenda da Xunta de Andalucía, que era o dereito de uso o que se poñía enriba da mesa e se fixo un parque público de vivendas que en 24 horas daba solución aos casos de lanzamento, por certo, programa que vostedes ao expulsar a Esquerda Unida do goberno amortaxaron. E nós, aí o que propoñemos é que unha cousa tan sinxela, non estamos a dicir que o fin último das vivendas que ten en titularidade este

concello teña que ser ese, porque nós si que pensamos que son vivendas de valor catastral moi alto, que se poderían empregar como está a facer o Concello de Barcelona que está precisamente construíndo parque de vivenda municipal con valores catastrais menores para poder xerar máis vivendas, pero de emerxencia, por situación de emerxencia se hai unhas vivendas a nós non nos vale a escusa de que como foron suxeito dunha poxa anterior, outro lote que pode haber protestas polo valor que se deron nas indemnizacións e que teñen que estar aí por se temos que pagar algún valor máis ás persoas que se lles expropiou.

Nós, polo tanto, o que dicimos e que hai posibilidades inmediatas de, logo xa pelexaremos se é a Xunta de Galicia ou o Concello de Vigo, pero que esas persoas que teñan lanzamentos no mes de maio poidan acollerse polo menos a unha solución habitacional, e por suposto, que o Concello de Vigo e a Xunta de Galicia van ter que colaborar queiran ou non porque isto non vai parar, non vai parar esta situación ao menos que haxa un cambio formal na lei hipotecaria e noutras moitas cuestións que hai enriba da mesa, teremos que chegar a un acordo de consenso as administracións, alguén pensa que algunha familia que ten detrás o peso de que se lle quita a súa casa se lle pode obrigar dende as administracións a ir dunha e outra, “pregunta na Xunta de Galicia, non ti pregunta no Concello”, iso é inhumano e polo tanto nós pedimos que o Concello que si que ten competencias en materia social habilite xa un traballo colectivo coa Xunta de Galicia, coas entidades bancarias e co Sareb e nós por iso nos imos abster nesta moción porque o que pedimos é que sexa o Concello porque sabemos que as administracións autonómicas para isto son máis lentas, e hai moitos concellos que están a resolver en menos de 24 horas estas cuestións, e que nunca máis trece escritos rexistrados para pedir unha reunión se consideren que é un papel a coller e a tirar.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: En primeiro lugar, o maior respecto coas persoas que se atopan neste momento nunha situación de dificultades na súa vivenda, sen lugar a dúbidas, agora ben Sra. Muñoz, ei de recoñecer na súa moción que vostede puxo enriba da mesa a clave, di vostede, eu non quero falar de competencias nin de responsabilidades pero eu si que me gustaría antes de comezar poder poñer enriba da mesa quen ten a responsabilidade última de resolver este problema, hai un programa da Xunta de Galicia que se chama, RehaVlta Plan Galego de

Rehabilitación Aluguer e Mellora de Acceso á Vivenda 2015-2020, este programa di o seguinte, “o Instituto Galego de Vivenda e Solo é o organismo autónomo adscrito á Concellería de Medio Ambiente e ao que lle corresponde as competencias e funcións de materia de política de vivenda”, mire Sra. Muñoz, di ademais o seguinte, na páxina deste documento, “en materia de vivenda a actividade do Instituto Galego de Vivenda e Solo provén do mandato constitucional do artigo 47 da constitución que di, “tódolos españois teñen dereito a gozar dunha vivenda e adecuada, os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para facer efectivo este dereito, regulando a utilización do solo de acordo co interese xeral para impedir a especulación”. Este mandato constitucional é competencia da comunidade autónoma, segundo o artigo 27.3 do Estatuto de Autonomía, corresponde á comunidade autónoma a competencia exclusiva da ordenación do territorio, do litoral, urbanismo e vivenda. Con este panorama Sra. Muñoz atopámonos seguindo neste documento, páxina 49, “só propiedade do Instituto Galego de Vivenda e só para vivenda de promoción autonómica”, non lle chama a vostede a atención que no caso de Vigo sexa a única cidade de Galicia onde hai cero metros cadrados de terreo para a promoción de vivenda de protección autonómica, cando está pendente a construción de 1.600 vivendas no polígono de Navia, a vostede non lle chama a atención? A min si.

Comparto con estes veciños que están aquí reclamando, o Concello de Vigo a pesares de non ter a competencia que como vostede sabe é competencia da Xunta de Galicia, adica máis de dous millóns de euros ao ano a axudas para as familias que están pasándoo peor. No ano 2015, 1.500 axudas á vivenda, 1.358 para pagar alugueres, 142 para pagar hipotecas, 1.079 axudas para familias que non poden pagar o gas ou a electricidade, e máis de 1.100 axudas para familias que precisan pagar os seus gastos de alimentación por que non teñen recursos, todo isto a pesares de non ter competencias, pero é que hai máis, ademais diso o Concello de Vigo ten 35 vivendas ocupadas por persoas na práctica desa política social e no realoxo de mulleres maltratadas en Vigo, bastante máis do que ten a Xunta de Galicia e ademais eu me comprometo con este cidadáns que están hoxe aquí, e aos que entendo, a falar con eles se lle parece ben cando saíamos do Pleno e falar das situacións posibles que podemos habilitar dende o Concello de Vigo.

Pero en calquera caso hai unha realidade, a realidade é que o Concello de Vigo ten 35 vivendas ocupadas por persoas practicando política social e política de protección das mulleres que sofren violencia de xénero, e mire vostede, de verdade non lle da vergoña pensar que o problema das familias realoxadas en Vigo se resolve con 15 vivendas? Sra. Muñoz, sabe vostede cantas persoas demandan unha vivenda de protección en Vigo, o 30% do total de Galicia, 3.900 familias demandan unha vivenda de protección en Vigo.

Sra. Muñoz, vostede sabe o que fai a Xunta de Galicia fronte a iso? Construír nos últimos seis anos cero vivendas de protección en Vigo e a pesares diso o Concello de Vigo está a atender fronte ao desleixo de función da Xunta de Galicia. Vostede quere paguemos a estación, dígalle á Xunta de Galicia que nos compre as vivendas da República Argentina, 2,3 millóns vendémolas mañá mesmo.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Mire a verdade é que vaia papeleta tocoulle a vostede Sra. Caride, porque lle digo unha cousa, que sexa a concelleira de Urbanismo a que conteste a unha moción que fala de necesidades sociais, das persoas mentres a concelleira de Benestar Social, Sra. Abelairas, está vostede escondida porque non se podía meter debaixo da mesa que senón debaixo da mesa se metería, porque vostede Sra. Abelairas está de acordo coa proposta que se leva nesta moción porque a vostede se que lle gustaría facer máis e non a deixan, non se poñan nerviosos e deixen falar a esta concelleira e un pouco de respecto para este grupo municipal, igual que lle pido respecto para tódolos cidadáns falando enriba do que falo eu, unha vergoña. Teñen vostedes sinceramente unha falla de humanidade que é realmente sorprendente, está aquí escoitando a situación que están a pasar unhas familias e aínda teñen máis que dicir interrompéndome e gritándome mentres estou aquí intervindo, miúda vergoña de goberno municipal, que desgracia temos tódolos vigueses/as de ter un goberno que dende logo non está á altura das circunstancias, os cidadáns esixen solucións e púxose enriba da mesa unha solución clara que é, poñan vostedes a disposición as 15 vivendas baleiras que teñen en República Argentina, escoiten á necesidade dos cidadáns e fagan algo, deixen de falar da Xunta de Galicia, do Goberno de España, do Goberno de Europa, de todo o que lles gusta a vostedes que o que lles gusta e tirar balóns fora, darlle as costas á necesidade desta cidade.



Que vergoña de goberno berrándolle a unha concelleira que está pedindo que se axude ás persoas que teñen unha situación de necesidade en Vigo, e o remiten vostedes a un problema de Urbanismo? A vostedes lles parece que é un problema de vivenda? Non, este é un problema social e ata que non entendan que este é un problema social, seguirán incidindo no erro, hai que colaborar, teñen vostedes que sentarse coa Xunta de Galicia, con tódalas administracións para buscar unha solución aos problemas que teñen estes cidadáns, deixen de presumir de superávit de 22 millóns de euros, deixen de malgastar cartos públicos en alugueres de edificios públicos e póñanse a traballar por tódolos cidadáns.

Están vostedes moi nerviosos, están facendo exactamente o contrario do que deberían facer, que vergoña para tódolos vigueses en situación de necesidade este goberno municipal que só sabe berrar, insultar e descualificar, só para non oír a realidade do que está a pasar nas casas de moitos vigueses/as.

PRESIDENCIA: Dada a evidente importancia da cuestión social, eu téñoille que dicir a esas tres familias e a tódalas familias de Vigo que mentres eu sexa Alcalde ninguén vai ser desafuzado en Vigo, ninguén foi e ninguén vai ser desafuzado en Vigo e eu lle teño que dicir a vostedes que non van ser a desafuzadas nesta cidade, xa está dito no lugar onde se asumen os compromisos que é neste Pleno e polo tanto, exactamente igual que evitamos 1.200 desafuzamentos pagando 1.200 alugueres, imos evitar calquera desafuzamento que se intente en Vigo, é unha garantía total.

VOTACIÓN: Con seis votos a favor membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 20.04.2016 (Rex. Nº 1366/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

#### **4.A. MOCIÓNS URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.**

Non houbo.

#### **5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.**

##### **5.1(73).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS, RELATIVO Á PUBLICACIÓN DA APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO ORGÁNICO DO PLENO.**

SR. FIDALGO IGLESIAS: O 12 de abril o Boletín Oficial da Provincia publicou a aprobación inicial do Regulamento Orgánico do Pleno e iníciase un prazo de exposición pública de 30 días para facer reclamacións e suxestións, dende o Partido Popular pregámoslle ao goberno municipal que o faga máis fácil, sinxelo e que este documento inicial de borrador, que non ven publicado nin no BOP nin na páxina web do Concello e que obriga aos interesados en coñecelo a acudir ás oficinas municipais e pedir unha fotocopia, que o poñan ao menos no Taboleiro de Editos ou se fose posible na páxina web para facilitar así a súa lectura e a posible presentación de reclamacións e suxestións.

PRESIDENCIA: Sen ningún problema, farase así.

##### **5.2(74).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL**

**DA MAREA DE VIGO, SR. PÉREZ CORREA, RELATIVO Á PLACA CONMEMORATIVA DO ARQUITECTO MANUEL GÓMEZ ROMÁN.**

SR. PÉREZ CORREA: Isto é unha denuncia que nos fai algún colectivo, o Foro Peinador, algunha xente, no cruce da rúa Monteros Ríos con rúa Pablo Morillo, no edificio coñecido como edificio Mülder que é un edificio dos máis representativos do modernismo da nosa cidade, figura unha placa conmemorativa do arquitecto que foi Manuel Gómez Román e recentemente colocouse unha marquesiña dun local hostaleiro e queda, a placa conmemorativa, dentro dese espacio, polo tanto que se nos diga se realmente esa marquesiña pode tapar ou pode estar fixada nun edificio neste caso histórico ou senón que se retire esa placa e se poña visible porque queda dentro xusto do que sería a terraza que queda dentro do recinto hostaleiro.

PRESIDENCIA: Tomamos nota.

**5.3(75).- ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ, RELATIVO Á ATENCIÓN PERSOAS MAIORES QUE TEÑEN PROBLEMAS COS ASCENSORES.**

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Tendo en conta que estamos no proceso da posta dos ascensores nos barrios, eu rogaríalle a este goberno municipal que puxeran unha persoa, creo que xa o fixen a outra vez tamén, para atender á xente maior que está neste proceso, cando foi pintado todo Coia había unha persoa voluntaria que o facía, agora é bastante difícil encontrar a unha persoa voluntaria pero sería bo que en calquera recinto ou asociación que teñan vostedes alí puxeran a unha persoa ao servizo das persoas maiores que están moi maiores para cubrir papeleo, etc. no tema dos ascensores.

PRESIDENCIA: Tomamos nota.

**5.4(76).- ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SRA. LÓPEZ BARREIRO, RELATIVO Á REUNIÓN SOLICITADA Á CONCELLEIRA DE BENESTAR SOCIAL POR PARTE DAS PERSOAS QUE VAN SER DESAFIUZADAS.**

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Rogamos ao Alcalde e á concelleira de Benestar Social que reciba ás persoas que van ser desafiuzadas e solicitaron en reiteradas ocasión reunirse coas mesmas en varias datas e na forma correcta nos últimos meses, en concreto cos números 160045775, co número 160046203 e co número 16004622.

PRESIDENCIA: Foron recibidas, atendidas e en ningún caso van ser desafiuzadas, reitero o meu compromiso total, foron recibidas pola asistente social, debo dicirse que si, consta, sabemos de que falamos Sr. Jácome, garde silencio que non é a súa quenda. Estou a dicir que as asistentes sociais saben disto e estoulle a dicir a máis que non van ser desafiuzadas en ningún caso, é posible que en A Coruña foran, aquí non e é posible que en Santiago de Compostela foran aquí non, porque aquí e lémbrese Sr. Jácome que vostede é unha persoa sensata, 1.200 alugueiros pagados por este Concello, para evitar 1.200 desafiuzamentos e seguiremos porque hai 800.000 euros en medidas e ademais poderemos ampliarlle, ratifícoo, e vólvoo ratificar porque mentres eu sexa Alcalde ninguén en Vigo vai ser desafiuzado. E xa o cumprín, xa non houbo desafiuzamentos dende que eu son Alcalde, polo tanto, ninguén vai ser desafiuzado, e sei que á Marea de Vigo non lle gusta oílo, o cal sorpréndeme porque do Partido Popular xa o sei, porque a responsabilidade é deles e non a atenden, a responsabilidade é da Xunta de Galicia, é a Xunta de Galicia quen ten que atender os desafiuzamentos e a súa competencia, a súa obriga como fai a Junta de Andalucía, e aquí é o Concello de Vigo.

## **6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.**

### **6.1(77).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ, RELATIVO ÁS PERSOAS MAIORES QUE VIVEN SOAS.**

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Tendo en conta a cantidade de persoas maiores que existen nesta cidade e que están sufrindo e pasándoo moi mal, pregunto, coñece o Concello o número e a situación das persoas que viven soas en Vigo? Estarían dispostos a realizar un estudo que permita delimitar a cifra e a situación exacta deste fogares de cara a ofrecerlles unha axuda necesaria?

PRESIDENCIA: Contestarémolle por escrito

### **6.2(78).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. JÁCOME ENRÍQUEZ, RELATIVO AO CRITERIO QUE SE SEGUIU PARA CAMBIAR OS MODOS PAGO NAS PISCINAS E XIMNASIOS MUNICIPAIS.**

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Que criterio se seguiu para cambiar os modos de pago nas piscinas municipais así como nos ximnasios, non homoxéneo por certo, onde agora un bono só dura 45 días e antes seis meses así como a obriga de pagar á cidadanía con tarxeta bancaria xerando multitude de reclamacións tal e como o concelleiro de Deportes é consciente?

PRESIDENCIA: Dado que o concelleiro de Deportes non está aquí porque colleu vacacións por unha cuestión moi persoal, contestarémolle por escrito.

### **6.3(79).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO**

**MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SRA. LÓPEZ BARREIRO, RELATIVO ÁS OCAS DAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DO EDIFICIO DO CONCELLO DE VIGO.**

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Teñen tódalas instalacións eléctricas no Concello de Vigo pasadas as OCAs correspondentes e ao día?

PRESIDENCIA: Contestarémolle por escrito, pero mire teño que dicir que este edificio é unha calamidade, unha calamidade enteira, vostede xa o pode ver, non terá a culpa o goberno actual dun edificio que ven dende o ano 1975. Por certo unha aberración tremenda porque aquí había un castelo, campo de granada, unha feira e houbo quen de facer aquí este burato, meter este edificio horripilante, catastrófico, desastroso e polo tanto contestarémolle por escrito ao concreto pero saben vostedes que compartimos que este edificio é unha calamidade.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e trinta e seis minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.